**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 12 de febreiro de 2026. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Antonio Deus Álvarez
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DOCE DE FEBRERO DE DOS MIL VEINTISÉIS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 12 de febrero de 2026. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles:*

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D.ª Mª Jesús Fariñas Andón*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

***GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)***

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D. Francisco Dinís Díaz Gallego*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*

D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

**Intervencións**

**Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas, benvidos ó pleno ordinario correspondente ó mes de febreiro. Saudamos a todos os membros da Corporación actual, tamén á futura nova concelleira, persoal municipal, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados e todos aqueles que nos seguen a través do *streaming* e da Tribuna de Convidados. Unha aperta especial para a señora Gallego que hoxe nos ve dende a Tribuna, un pracer vela, coma sempre.

**I – PARTE RESOLUTIVA**

**ASUNTO 1**

**Comunicacións da Alcaldía**

**16. Comunicado da Alcaldía sobre violencia machista.**

**Intervencións**

*D.ª Avia Veira González*
*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

*A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos al pleno ordinario correspondiente al mes de febrero. Saludamos a todos los miembros de la Corporación actual, también a la futura nueva concejala, personal municipal, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados y todos aquellos que nos siguen a través de la retransmisión en directo y desde la Tribuna de Invitados. Un abrazo especial para la señora Gallego que hoy nos ve desde la Tribuna, un placer verla, como siempre.*

***I – PARTE RESOLUTIVA***

***ASUNTO 1***

***Comunicaciones de la Alcaldía***

***15. Comunicado de la Alcaldía sobre violencia machista.***

***Intervenciones***

**Presidencia**

Pasamos xa, na Parte Resolutiva, ó asunto número un. Señor secretario.

**Señor Secretario**

Comunicacións da Alcaldía.

**Presidencia**

Ben. Nas comunicacións da Alcaldía, como saben, comezamos cada pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno. Dende o Pleno de xaneiro confirmáronse tres asasinatos machistas:

- O primeiro é do 24 de setembro de 2025, pero foi confirmado este ano, trátase de María Antonia Sánchez, de 28 anos, en Badajoz.

- O 24 de xaneiro, Victoria de 33 anos, en Málaga, quen deixa orfos menores de idade: dúas fillas e un fillo.

- E o 1 de febreiro do 2026, María Belén Fernández, de 52 anos, en Pontevedra.

**(Gárdanse tres minutos de silencio).**

**Presidencia**

Moitas grazas.

**17. Aprobación de actas.**

**Aprobación do borrador das actas das seguintes sesións:**

**- Ordinaria, de 6 de novembro de 2025.**
**- Ordinaria, de 11 de diciembre de 2025.**

**Presidencia**

***Presidencia***

*Pasamos ya, en la Parte Resolutiva, al asunto número uno. Señor secretario.*

***Señor Secretario***

*Comunicaciones de la Alcaldía.*

***Presidencia***

*Bien. En las comunicaciones de la Alcaldía, como saben, comenzamos cada pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno. Desde el Pleno de enero se confirmaron tres asesinatos machistas:*

*- El primero es de 24 de septiembre de 2025, pero fue confirmado este año, se trata de María Antonia Sánchez, de 28 años, en Badajoz.*

*- El 24 de enero, Victoria de 33 años, en Málaga, quien deja huérfanos menores de edad: dos hijas y un hijo.*

*- Y el 1 de febrero del 2026, María Belén Fernández, de 52 años, en Pontevedra.*

***(Se guardan tres minutos de silencio).***

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

***16. Aprobación de actas.***

***Aprobación del borrador de las actas de las siguientes sesiones:***

***- Ordinaria, de 6 de noviembre de 2025.***
***- Ordinaria, de 11 de diciembre de 2025.***

***Presidencia***

Nas Comunicacións da Alcaldía está tamén a aprobación dos borradores das actas da sesión ordinaria de 6 de novembro do 25 e de 11 de decembro do 25 que quedan aprobadas toda vez que non hai alegacións ás mesmas.

*En las Comunicaciones de la Alcaldía está también la aprobación de los borradores de las actas de la sesión ordinaria de 6 de noviembre del 25 y de 11 de diciembre del 25 que quedan aprobadas toda vez que no hay alegaciones a las mismas.*

**18. Declaración institucional con motivo da celebración do Día Mundial das Enfermidades Raras.**

***18. Declaración institucional con motivo de la celebración del Día Mundial de las Enfermedades Raras.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Tamén neste punto, por acordo da Comisión de Voceiros, darei lectura a unha declaración institucional de adhesión do Concello da Coruña á Declaración de FEGEREC e de FEDER con motivo da celebración do Día Mundial das Enfermidades Raras, que é o 28 de febreiro.

*También en este punto, por acuerdo de la Comisión de Portavoces, daré lectura a una declaración institucional de adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la Declaración de FEGEREC y de FEDER con motivo de la celebración del Día Mundial de las Enfermedades Raras, que es el 28 de febrero.*

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión á declaración institucional promovida pola Federación Galega de Enfermidades Raras (Fegerec) e pola Federación Española de Enfermidades Raras (Feder) con motivo do Día Mundial das Enfermidades Raras que se reproduce a continuación.

*La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión a la declaración institucional promovida por la Federación Gallega de Enfermedades Raras (Fegerec) y por la Federación Española de Enfermedades Raras (Feder) con motivo del Día Mundial de las Enfermedades Raras que se reproduce a continuación.*

En Europa, as enfermidades raras son aquelas que afectan a cinco persoas por cada 10.000 habitantes. Identificáronse máis de 6.500 enfermidades raras en Europa, onde só o 6 % teñen tratamento e máis da metade das familias esperan máis de seis anos para lograr un diagnóstico en España. Estímase que entre o 6% e o 8 % da poboación mundial convive con estas patoloxías, polo que se calcula que no mundo habería 300 millóns de persoas afectadas, 3 millóns en España e 200.000 en Galicia.

*En Europa, las enfermedades raras son aquellas que afectan a cinco personas por cada 10.000 habitantes. Se identificaron más de 6.500 enfermedades raras en Europa, donde solo el 6 % tienen tratamiento y más de la mitad de las familias esperan más de seis años para lograr un diagnóstico en España. Se estima que entre el 6% y el 8 % de la población mundial convive con estas patologías, por lo que se calcula que en el mundo habría 300 millones de personas afectadas, 3 millones en España y 200.000 en Galicia.*

O próximo 28 de febreiro celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras con obxectivo de impulsar unha mobilización

*El próximo 28 de febrero se celebra el Día Mundial de las Enfermedades Raras con objetivo de impulsar una movilización que*

que permita sensibilizar, concienciar e posicionar estas enfermidades na axenda pública. Unha acción liderada en Galicia por Fegerec; a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, e en España por Feder, a Federación Española de Enfermidades Raras, que representa hoxe, o impulso e a forza de máis 440 organizacións de pacientes. Estas organizacións evidencian, baixo o paraugas de Feder e a súa Fundación, que acceder á prevención, diagnóstico, tratamentos, coidados, atención social e interdisciplinar, educación ou emprego son retos para as persoas con enfermidades raras, para quen as coida, para vostedes e para un país. Porque existe descoñecemento, necesitan ser máis investigadas, afectan a moitas persoas no seu conxunto e existe unha gran inequidade no acceso aos recursos sociais e sanitarios. Esta inequidad evidenciase nas diferentes políticas territoriais, na fragmentación da investigación e da información existente; nas diferenzas, no acceso ás probas diagnósticas ou nos escasos tratamentos dispoñibles, así como nas barreiras no acceso a unha atención especializada e integral.

Esta realidade que Feder vén compartindo desde hai máis de 25 anos e recoñecida actualmente na Resolución da 78ª Asemblea Mundial da Saúde que España liderou xunto con Exipto en 2025 e que recoñece que existen inequidades en materia de saúde dentro dos Estados membros e a vulnerabilidade que afecta ás persoas con enfermidades raras, as que viven sen diagnóstico, as súas familias e aos seus coidadores.

Este 2026 seguiremos poñendo o foco na equidade, nas persoas con estas enfermidades e en quen as coidan. Impulsamos a campaña "Porque cada persoa importa", para lograr unha

*permita sensibilizar, concienciar y posicionar estas enfermedades en la agenda pública. Una acción liderada en Galicia por Fegerec; la Federación Gallega de Enfermedades Raras y Crónicas, y en España por Feder, la Federación Española de Enfermedades Raras, que representa hoy, el impulso y la fuerza de más 440 organizaciones de pacientes. Estas organizaciones evidencian, bajo el paraguas de Feder y su Fundación, que acceder a la prevención, diagnóstico, tratamientos, cuidados, atención social e interdisciplinar, educación o empleo son retos para las personas con enfermedades raras, para quien las cuida, para ustedes y para un país. Porque existe desconocimiento, necesitan ser más investigadas, afectan a muchas personas en su conjunto y existe una gran inequidad en el acceso a los recursos sociales y sanitarios. Esta inequidad evidenciara en las diferentes políticas territoriales, en la fragmentación de la investigación y de la información existente; en las diferencias, en el acceso a las pruebas diagnósticas o en los escasos tratamientos disponibles, así como en las barreras en el acceso a una atención especializada e integral.*

*Esta realidad que Feder viene compartiendo desde hace más de 25 años y reconocida actualmente en la Resolución de la 78ª Asamblea Mundial de la Salud que España lideró junto con Egipto en 2025 y que reconoce que existen inequidades en materia de salud dentro de los Estados miembros y la vulnerabilidad que afecta a las personas con enfermedades raras, las que viven sin diagnóstico, sus familias y a sus cuidadores.*

*Este 2026 seguiremos poniendo el foco en la equidad, en las personas con estas enfermedades y en quien las cuidan. Impulsamos la campaña "Porque cada persona importa", para lograr una*

transformación social motivada pola sociedade e o apoio das institucións públicas para: impulsar a investigación e o coñecemento, para ter máis información sobre a orixe, evolución, tratamento e diagnóstico das enfermidades raras, para lograr e asegurar o acceso en tempo e condicións de equidade ás probas diagnósticas, tratamentos e terapias. A abordaxe destes eixes debe ir acompañada da incorporación, da participación efectiva dos pacientes e das entidades que os representan nas decisións que lles afecten. Desde unha visión transversal e social garantindo a coordinación interautonómica para asegurar a equidade no acceso a recursos sociais e sanitarios. E todo iso, unificado baixo o paraugas da Resolución da OMS en Enfermidades Raras de 2025, a recente actualización da Estratexia en Enfermidades Raras do Sistema Nacional de Saúde e a súa implementación a nivel autonómico; como o estratexia galega de Enfermidades Raras 2025-2030, así como o compromiso do noso país no impulso dun Plan de Acción Europeo Integral sobre Enfermidades Raras.

Porque cada persoa importa e avanzar xuntos é a única maneira de non deixar a ninguén atrás. Porque o voso apoio e compromiso marca a diferenza na vida de moitas persoas.

**SECRETARÍA XERAL**

**ASUNTO 2**

**19. Toma de posesión do cargo de concelleira de dona Militza Josefina Prieto Riera.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Moitas grazas. Pasamos á Secretaría

*transformación social motivada por la sociedad y el apoyo de las instituciones públicas para: impulsar la investigación y el conocimiento, para tener más información sobre el origen, evolución, tratamiento y diagnóstico de las enfermedades raras, para lograr y asegurar el acceso en tiempo y condiciones de equidad a las pruebas diagnósticas, tratamientos y terapias. El abordaje de estos ejes debe ir acompañada de la incorporación, de la participación efectiva de los pacientes y de las entidades que los representan en las decisiones que les afecten. Desde una visión transversal y social garantizando la coordinación interautonómica para asegurar la equidad en el acceso a recursos sociales y sanitarios. Y todo eso, unificado bajo el paraguas de la Resolución de la OMS en Enfermedades Raras de 2025, la reciente actualización de la Estrategia en Enfermedades Raras del Sistema Nacional de Salud y su implementación a nivel autonómico; como el estrategia gallega de Enfermedades Raras 2025-2030, así como el compromiso de nuestro país en el impulso de un Plan de Acción Europeo Integral sobre Enfermedades Raras.*

*Porque cada persona importa y avanzar juntos es la única manera de no dejar a nadie atrás. Porque vuestro apoyo y compromiso marca la diferencia en la vida de muchas personas.*

***SECRETARÍA GENERAL.***

***ASUNTO 2***

***19. Toma de posesión del cargo de concejala de doña Militza Josefina Prieto Riera.***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Muchas gracias. Pasamos a la Secretaría*

Xeral, Asunto número dous.

**Señor Secretario**

Asunto número dous, toma de posesión do cargo de concelleira de dona Militza Josefina Prieto Riera.

Informar que declarada vacante de concelleira, en virtude do acordo de 15 de xaneiro de 2026, a Xunta Electoral Central enviou a súa credencial con data 29 de xaneiro do 2026. Dona Militza Josefina Prieto Riera deu cumprimento ó establecido no artigo 75.7 da Lei 7/85, de bases do réxime local, formulou declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e para adquirir a plena condición do seu cargo de concelleira, de acordo co disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de réxime electoral xeral debe xurar ou prometer acatamento á Constitución segundo a fórmula establecida no Real Decreto 707 do 5 de abril de 1979.

Polo tanto, dona Militza Josefina Prieto Riera, por favor, acérquese á mesa para tomar posesión do cargo.

**(D.ª Militza Josefina Prieto Riera achégase ó centro do Salón de Plenos e ante a alcaldesa, D.ª Inés Rey García, xura acatamento á Constitución).**

**Presidencia**

Señora Prieto, benvida ó Pleno do Concello da Coruña, xa tomada posesión como concelleira neste acto, un placer vela. Ademais de ser a partir de hoxe compañeiras de Corporación, somos compañeiras de profesión, nos coñecemos dende hai moitos anos, así que deséxolle nesta recta final do mandato, este ano e pouco que resta, moitos acertos e moita sorte na súa labor,

*General, Asunto número dos.*

***Señor Secretario***

*Asunto número dos, toma de posesión del cargo de concejala de doña Militza Josefina Prieto Riera.*

*Informar que declarada vacante de concejala, en virtud del acuerdo de 15 de enero de 2026, la Junta Electoral Central envió su credencial con fecha 29 de enero de 2026. Doña Militza Josefina Prieto Riera dio cumplimiento a lo establecido en el artículo 75.7 de la Ley 7/85, de bases del régimen local, formuló declaración sobre causas de posible incompatibilidad y sobre cualquier actividad que le proporcione o pueda proporcionar ingresos económicos y para adquirir la plena condición de su cargo de concejala, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 108.8 de la Ley Orgánica de régimen electoral general debe jurar o prometer acatamiento a la Constitución según la fórmula establecida en el Real Decreto 707 de 5 de abril de 1979.*

*Por lo tanto, doña Militza Josefina Prieto Riera, por favor, acérquese a la mesa para tomar posesión del cargo.*

***(D.ª Militza Josefina Prieto Riera se acerca al centro del Salón de Plenos y ante la alcaldesa, D.ª Inés Rey García, jura acatamiento a la Constitución).***

***Presidencia***

*Señora Prieto, bienvenida al Pleno del Ayuntamiento de A Coruña, ya tomada posesión como concejala en este acto, un placer verla. Además de ser a partir de hoy compañeras de Corporación, somos compañeras de profesión, nos conocemos desde hace muchos años, así que le deseo en esta recta final del mandato, este año y poco que resta, muchos aciertos y mucha suerte en su labor, que será la suerte de los*

que será a sorte dos coruñeses ós que representa, a todos eles.

**ALCALDÍA**

**Dirección da Área da Asesoría Xurídica**

**ASUNTO 3**

**20. Expediente 112/2026/14**
**Comparecencia no procedemento ordinario 4476/2025, promovido contra o acordo plenario do 05.06.2025 relativo á ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico mixto de planeamento e execución para o desenvolvemento da área de planeamento incorporado API Q28 Parque de Oza.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2026, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

1º.- Comparecer no procedemento ordinario 4476/2025 promovido por VMPP contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico mixto de planeamento e execución para o desenvolvemento da área de planeamento incorporado API Q28 Parque de Oza.

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica, D. Carlos Pérez González, e aos letrados municipais, Dª.

*coruñeses a los que representa, a todos ellos.*

***ALCALDÍA***

***Dirección del Área de la Asesoría Jurídica***

***ASUNTO 3***

***20. Expediente 112/2026/14***
***Comparecencia en el procedimiento ordinario 4476/2025, promovido contra el acuerdo plenario de 05.06.2025 relativo a la ratificación del texto definitivo del convenio urbanístico mixto de planeamiento y ejecución para el desarrollo del área de planeamiento incorporado API Q28 Parque de Oza.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 9 de febrero de 2026, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*1º.- Personarse en el procedimiento ordinario 4476/2025 promovido por VMPP contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre ratificación del texto definitivo del convenio urbanístico mixto de planeamiento y ejecución para el desarrollo del área de planeamiento incorporado API Q28 Parque de Oza.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González, y a los letrados municipales, Dª. María José*

María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández López e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

**ASUNTO 4**

**21. Expediente 112/2026/15**
**Comparecencia no procedemento ordinario 7369/2025, promovido contra o acordo plenario do 11.09.2025 sobre a aprobación definitiva da Ordenanza de mobilidade sostible.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2026, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 7369/2025 promovido por Saba Aparcamientos, S.A., contra o acordo plenario do 11-9-2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza de Mobilidade Sostible.

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica, D. Carlos Pérez González, e aos letrados municipais, Dª. María José Macías Mourelle, D.

***ASUNTO 4***

***21. Expediente 112/2026/15***
***Comparecencia en el procedimiento ordinario 7369/2025, promovido contra el acuerdo plenario de 11.09.2025 sobre la aprobación definitiva de la Ordenanza de movilidad sostenible.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 9 de febrero de 2026, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 7369/2025 promovido por Saba Aparcamientos, S.A. contra acuerdo plenario de 11-9-2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza de Movilidad Sostenible.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica, D. Carlos Pérez González, y a los letrados municipales, Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier*

Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández López e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

*Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número tres. Señor secretario.

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número tres. Señor secretario.*

**Señor Secretario**

Si. Asunto número 3, comparecencia no procedemento ordinario 4476/2025, promovido contra o acordo plenario do 05.06.2025 relativo á ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico mixto de planeamento e execución para o desenvolvemento da área de planeamento incorporado API Q28 Parque de Oza, e asunto número catro, expediente de comparecencia no procedemento ordinario 7369/2025, promovido contra o acordo plenario do 11.09.2025 sobre a aprobación definitiva da Ordenanza de mobilidade sostible.

Ámbolos dous acordos non serán obxecto de debate, pasarase directamente á votación polo seu carácter de comparecencia.

***Señor Secretario***

*Sí. Asunto número 3, comparecencia en el procedimiento ordinario 4476/2025, promovido contra el acuerdo plenario de 05.06.2025 relativo a la ratificación del texto definitivo del convenio urbanístico mixto de planeamiento y ejecución para el desarrollo del área de planeamiento incorporado API Q28 Parque de Oza, y asunto número cuatro, expediente de comparecencia en el procedimiento ordinario 7369/2025, promovido contra el acuerdo plenario de 11.09.2025 sobre la aprobación definitiva de la Ordenanza de movilidad sostenible.*

*Ambos acuerdos no serán objeto de debate, se pasará directamente a la votación por su carácter de comparecencia.*

**Presidencia**

Ben, pois xa explicado polo señor secretario e non existindo debate nestes puntos, pasaremos a votalos de xeito individual requiríndose maioría simple para a súa aprobación.

***Presidencia***

*Bien, pues ya explicado por el señor secretario y no existiendo debate en estos puntos, pasaremos a votarlos de manera individual requiriéndose mayoría simple para su aprobación.*

**Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

**Acordo**

1º.- Comparecer no procedemento ordinario 4476/2025 promovido por VMPP contra acordo plenario do 5 de xuño de 2025 sobre ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico mixto de planeamento e execución para o desenvolvemento da área de planeamento incorporado API Q28 Parque de Oza.

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica, D. Carlos Pérez González, e aos letrados municipais, Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández López e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

***Votación del asunto número tres***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres relacionado en el orden del día, produciéndose lo siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

***Acuerdo***

*1º.- Personarse en el procedimiento ordinario 4476/2025 promovido por VMPP contra acuerdo plenario de 5 de junio de 2025 sobre ratificación del texto definitivo del convenio urbanístico mixto de planeamiento y ejecución para el desarrollo del área de planeamiento incorporado API Q28 Parque de Oza.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica D. Carlos Pérez González, y a los letrados municipales, Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

**Votación do asunto número catro**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

**Acordo**

1º.- Comparecer no Procedemento Ordinario 7369/2025 promovido por Saba Aparcamientos, S.A., contra o acordo plenario do 11-9-2025 sobre aprobación definitiva da Ordenanza de Mobilidade Sostible.

2º.- Con este fin confírese a representación municipal ao director da Asesoría Xurídica, D. Carlos Pérez González, e aos letrados municipais, Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández López e D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándoos amplamente para interpoñer os recursos ordinarios e extraordinarios que procederen contra todo tipo de resolucións que puideren ditarse no procedemento se foran desfavorables ao Concello.

***Votación del asunto número cuatro***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro relacionado en el orden del día, produciéndose lo siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

***Acuerdo***

*1º.- Personarse en el Procedimiento Ordinario 7369/2025 promovido por Saba Aparcamientos, S.A. contra acuerdo plenario de 11-9-2025 sobre aprobación definitiva de la Ordenanza de Movilidad Sostenible.*

*2º.- A tal fin se confiere la representación municipal al director de la Asesoría Jurídica, D. Carlos Pérez González, y a los letrados municipales, Dª. María José Macías Mourelle, D. Francisco Javier Mato Fariña, D. Miguel Anxo López Prado, D. José María Pérez Ferrol, Dª. María Hernández García y D. Fernando Aradas García, indistintamente, facultándolos ampliamente para interponer los recursos ordinarios y extraordinarios que procedieren contra todo tipo de resoluciones que pudieren dictarse en el procedimiento si fueran desfavorables al Ayuntamiento.*

**<u>CONCELLARÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE</u>**

**<u>Dirección da Área de Mobilidade</u>**

**Servizo de Mobilidade Urbana**

**ASUNTO 5**

**22. Expediente 542/2020/1155**
**Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de dominio público ou de uso público do Concello da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2026, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de dominio público ou de uso público, que consta dun Preámbulo, 55 artigos, repartidos en 6 títulos, dúas disposicións derrogatorias, dúas disposicións adicionais, dúas transitorias, unha disposición final e seis anexos, cuxo texto ten o seguinte código CSV: 3E0J0G5O6P5R5C0Y159I.

Segundo. Publicar anuncio de información pública e dar audiencia ás persoas interesadas para que no prazo de trinta días poidan presentar reclamacións e suxestións ao texto. Se durante o citado

***<u>CONCEJALÍA DE INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD</u>***

***<u>Dirección del Área de Movilidad</u>***

***Servicio de Movilidad Urbana***

***ASUNTO 5***

***22. Expediente 542/2020/1155***
***Aprobación inicial de la Ordenanza municipal reguladora de la instalación de terrazas en espacios de dominio público o de uso público del Ayuntamiento de A Coruña.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 9 de febrero de 2026, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*Primero. Aprobar inicialmente la Ordenanza municipal reguladora de la instalación de terrazas en espacios de dominio público o de uso público, que consta de un Preámbulo, 55 artículos, repartidos en 6 títulos, dos disposiciones derogatorias, dos disposiciones adicionales, dos transitorias, una disposición final y seis anexos, cuyo texto tiene el siguiente código CSV: 3E0J0G5O6P5R5C0Y159I.*

*Segundo. Publicar anuncio de información pública y dar audiencia a las personas interesadas para que en el plazo de treinta días puedan presentar reclamaciones y sugerencias al texto. Si durante el citado*

prazo non resultase presentada ningunha alegación, elevarase de forma automática a definitiva a aprobación inicial.

*plazo no resultara presentada ninguna alegación, se elevará de forma automática a definitiva la aprobación inicial.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número cinco. Señor Secretario.

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número cinco. Señor Secretario.*

**Señor Secretario**

Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de dominio público ou de uso público do Concello da Coruña. Require maioría simple.

***Señor Secretario***

*Aprobación inicial de la Ordenanza municipal reguladora de la instalación de terrazas en espacios de dominio público o de uso público del Ayuntamiento de A Coruña. Requiere mayoría simple.*

**Presidencia**

Ben, ten a palabra a concelleira, señora Díaz, en primeiro lugar e despois, como saben, dúas quendas de debate, a primeira de cinco minutos e a segunda de tres minutos, previas á votación. Señora Díaz, ten a palabra.

***Presidencia***

*Bien, tiene la palabra la concejala, señora Díaz, en primer lugar y después, como saben, dos turnos de debate, el primero de cinco minutos y el segundo de tres minutos, previos a la votación. Señora Díaz, tiene la palabra.*

**Señora Díaz Vázquez**

Grazas, señora alcaldesa. En primeiro lugar, moi bo día a todas as persoas presentes e tamén a aquelas que nos seguen por *streaming*.

Pois a proposta que traemos hoxe a este pleno responde a unha realidade evidente, que é que a actual Ordenanza de terrazas data do ano 2013 e, pois tras máis de dez anos de cambios normativos, sociais e tamén urbanos, pois quedou desfasada. Por iso o que presentamos agora non é unha simple modificación puntual, senón unha actuación integral do marco regulador pensada para dar resposta á cidade que somos hoxe e tamén á cidade que queremos ser no futuro.

O obxectivo fundamental desta nova

***Señora Díaz Vázquez***

*Gracias, señora alcaldesa. En primer lugar, muy buenos días a todas las personas presentes y también a aquellas que nos siguen en directo.*

*Pues la propuesta que traemos hoy a este pleno responde a una realidad evidente, que es que la actual Ordenanza de terrazas data del año 2013 y, pues tras más de diez años de cambios normativos, sociales y también urbanos, pues quedó desfasada. Por eso lo que presentamos ahora no es una simple modificación puntual, sino una actuación integral del marco regulador pensada para dar respuesta a la ciudad que somos hoy y también a la ciudad que queremos ser en el futuro.*

*El objetivo fundamental de esta nueva*

ordenanza é claro: garantir o equilibrio entre a actividade económica da hostalaría e o dereito da cidadanía ó descanso, a un espazo público accesible, seguro, ordenado e de calidade. Trátase, en definitiva, de ordenar mellor para convivir mellor.

*ordenanza es claro: garantizar el equilibrio entre la actividad económica de la hostelería y el derecho de la ciudadanía al descanso, a un espacio público accesible, seguro, ordenado y de calidad. Se trata, en definitiva, de ordenar mejor para convivir mejor.*

A norma incorpora tamén aprendizaxes recentes, especialmente aquelas derivadas da pandemia, como as terrazas situadas en zonas de estacionamento que ata agora funcionaban baixo regulacións provisionais e que precisaban dunha seguridade xurídica estable e definitiva.

*La norma incorpora también aprendizajes recientes, especialmente aquellos derivados de la pandemia, como las terrazas ubicadas en zonas de estacionamiento que hasta ahora funcionaban bajo regulaciones provisionales y que precisaban de una seguridad jurídica estable y definitiva.*

Dende o punto de vista legal, o texto adáptase á normativa autonómica e estatal vixente, integra criterios de accesibilidade universal, reforza os mecanismos de control e inspección e mellora o réxime sancionador para garantir o cumprimento das condicións de ocupación do espazo público.

*Desde el punto de vista legal, el texto se adapta a la normativa autonómica y estatal vigente, integra criterios de accesibilidad universal, refuerza los mecanismos de control e inspección y mejora el régimen sancionador para garantizar el cumplimiento de las condiciones de ocupación del espacio público.*

Entre as principais novidades —porque hai que dicir que esta nova normativa non é destrutiva, é dicir, nace da anterior—, entre as principais novidades cómpre destacar a tramitación unificada das autorizacións de terraza e ocupación do dominio público que simplifica os procedementos administrativos, a regulación diferenciada segundo o tipo de espazo urbano con criterios estéticos e de seguridade máis exixentes, especialmente en contornas protexidas, a creación da mesa de terrazas como espazo de seguimento, coordinación e participación, e un maior control municipal mediante plans anuais de inspección e medidas eficaces fronte ós incumprimentos. Trátase ademais dunha norma proporcionada e equilibrada que non supón cargas administrativas relevantes nin impacto negativo no gasto público e que contribúe a mellorar a seguridade xurídica, a calidade urbana e

*Entre las principales novedades —porque hay que decir que esta nueva normativa no es destructiva, es decir, nace de la anterior—, entre las principales novedades es preciso destacar la tramitación unificada de las autorizaciones de terraza y ocupación del dominio público que simplifica los procedimientos administrativos, la regulación diferenciada según el tipo de espacio urbano con criterios estéticos y de seguridad más exigentes, especialmente en entornos protegidos, la creación de la mesa de terrazas como espacio de seguimiento, coordinación y participación, y un mayor control municipal mediante planes anuales de inspección y medidas eficaces frente a los incumplimientos. Se trata además de una norma proporcionada y equilibrada que no supone cargas administrativas relevantes ni impacto negativo en el gasto público y que contribuye a mejorar la seguridad jurídica,*

o atractivo económico e turístico da cidade.

Cómpre salientar tamén que o texto incorpora as propostas e achegas de participación cidadá, informes sectoriais favorables e unha análise de impacto que conclúe que esta ordenanza favorece unha cidade máis habitable, accesible e con mellor convivencia. En definitiva, estamos ante unha norma que busca algo moi sinxelo e moi importante ó mesmo tempo: compatibilizar a actividade económica, convivencia veciñal e dereito ó espazo público, construíndo unha Coruña máis ordenada, máis accesible e máis amable para todos e todas. Por iso traemos hoxe a súa aprobación inicial a este pleno.

Máis nada, grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Díaz.

Comezamos a quenda de debate, comeza a señora Veira polo Bloque Nacionalista Galego.

**Señora Veira González**

Moitas grazas, señora alcaldesa. En primeiro lugar gustaríame saudar á nova compañeira de Corporación, moi benvida, e como dixo xa a alcaldesa, pois os seus acertos serán os de toda A Coruña, así que moi benvida. E tamén quería saudar ó público asistente hoxe e tamén á xente que se manifestou antes de comezar o pleno na praza de María Pita, ó persoal do Programa de Lecer do Ágora e do Fórum e tamén ós usuarios deste programa tan querido polas coruñesas e coruñeses.

En canto ó que tratamos hoxe, esta ordenanza de terrazas, hai que dicir que desde o BNG recollemos o sentir da

*la calidad urbana y el atractivo económico y turístico de la ciudad.*

*Es preciso destacar también que el texto incorpora las propuestas y aportaciones de participación ciudadana, informes sectoriales favorables y un análisis de impacto que concluye que esta ordenanza favorece una ciudad más habitable, accesible y con mejor convivencia. En definitiva, estamos ante una norma que busca algo muy sencillo y muy importante al mismo tiempo: compatibilizar la actividad económica, convivencia vecinal y derecho al espacio público, construyendo una Coruña más ordenada, más accesible y más amable para todos y todas. Por ello traemos hoy su aprobación inicial a este pleno.*

*Nada más, gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Díaz.*

*Comenzamos el turno de debate, comienza la señora Veira por el Bloque Nacionalista Galego.*

***Señora Veira González***

*Muchas gracias, señora alcaldesa. En primer lugar me gustaría saludar a la nueva compañera de Corporación, muy bienvenida, y como dijo ya la alcaldesa, pues sus aciertos serán los de toda A Coruña, así que muy bienvenida. Y también quería saludar al público asistente hoy y también a la gente que se manifestó antes de comenzar el pleno en la plaza de María Pita, al personal del Programa de Ocio del Ágora y del Fórum y también a los usuarios de este programa tan querido por las coruñesas y coruñeses.*

*En cuanto a lo que tratamos hoy, esta ordenanza de terrazas, hay que decir que desde el BNG recogimos el sentir de la*

cidadanía sobre o abuso que se estaba a producir das terrazas no espazo público e tamén, bueno, pois unha ordenanza que nós viamos, como organización política, pois obsoleta e que desde logo non se estaba controlando o seu cumprimento. Diante destas cuestións, desde o BNG o que fixemos foi incluír a redacción dunha nova ordenanza de terrazas dentro do acordo de investidura da alcaldesa. Este acordo de investidura, como ben é sabido, nós, pois o que fixemos foi reiterar a necesidade de que se cumprise unha e outra vez, e como o Goberno municipal non cumpría con ese acordo, anunciamos que en 2025 non chegariamos a un acordo de orzamentos. Dada esta situación, ó Goberno municipal non lle quedou outra que poñerse a traballar no cumprimento do acordo de investidura e, efectivamente, pois comezamos a falar desta ordenanza de terrazas.

*ciudadanía sobre el abuso que se estaba produciendo de las terrazas en el espacio público y también, bueno, pues una ordenanza que nosotros veíamos, como organización política, pues obsoleta y que desde luego no se estaba controlando su cumplimiento. Ante estas cuestiones, desde el BNG lo que hicimos fue incluir la redacción de una nueva ordenanza de terrazas dentro del acuerdo de investidura de la alcaldesa. Este acuerdo de investidura, como bien es sabido, nosotros, pues lo que hicimos fue reiterar la necesidad de que se cumpliera una y otra vez, y como el Gobierno municipal no cumplía con ese acuerdo, anunciamos que en 2025 no llegaríamos a un acuerdo de presupuestos. Dada esta situación, al Gobierno municipal no le quedó otra que ponerse a trabajar en el cumplimiento del acuerdo de investidura y, efectivamente, pues comenzamos a hablar de esta ordenanza de terrazas.*

Nós desde o BNG entendiamos que era fundamental poñer orde na utilización do espazo público, nós cremos que o espazo público é para o desfrute da cidadanía, cremos que ten que ser accesíbel e, evidentemente, cremos que é e lle pertence ás coruñesas e coruñeses, non lle pertence á hostalaría, e cremos que hostalaría instala as súas terrazas e dálle moita vida, efectivamente, á cidade da Coruña, pero faino co permiso da cidadanía da Coruña a través dos seus representantes e das súas representantes públicas que somos nós, que somos as persoas que nos sentamos neste pleno, e con esa filosofía nos sentamos a falar desta ordenanza, e cremos que saíu unha boa ordenanza en termos xerais.

*Nosotros desde el BNG entendíamos que era fundamental poner orden en la utilización del espacio público, nosotros creemos que el espacio público es para el disfrute de la ciudadanía, creemos que tiene que ser accesible y, evidentemente, creemos que es y le pertenece a las coruñesas y coruñeses, no le pertenece a la hostelería, y creemos que hostelería instala sus terrazas y le da mucha vida, efectivamente, a la ciudad de A Coruña, pero lo hace con el permiso de la ciudadanía de A Coruña a través de sus representantes y de sus representantes públicas que somos nosotros, que somos las personas que nos sentamos en este pleno, y con esa filosofía nos sentamos a hablar de esta ordenanza, y creemos que salió una buena ordenanza en términos generales.*

Creo que hai cuestións que son moi importantes, como o feito de que a xente teña dereito a coñecer que terraza ten autorizada cada establecemento de

*Creo que hay cuestiones que son muy importantes, como el hecho de que la gente tenga derecho a conocer qué terraza tiene autorizada cada establecimiento de*

hostalaría. Esta foi xa unha achega que fixo o BNG cando se fixera a Ordenanza en 2013. Nesta ordenanza si que se recolle esta achega, cremos que ten como moi positivo a creación desa mesa de terrazas que lle dá participación pública á cidadanía tamén no cumprimento desta ordenanza e que a xente ten dereito tamén a dicir se isto que regula a Ordenanza se está a cumprir ou non e tamén obriga ó Goberno a escoitar á cidadanía.

*hostelería. Esta fue ya una aportación que hizo el BNG cuando se había hecho la Ordenanza en 2013. En esta ordenanza sí que se recoge esta aportación, creemos que tiene como muy positivo la creación de esa mesa de terrazas que le da participación pública a la ciudadanía también en el cumplimiento de esta ordenanza y que la gente tiene derecho también a decir si esto que regula la Ordenanza se está cumpliendo o no y también obliga al Gobierno a escuchar a la ciudadanía.*

Cremos que tamén ten de moi positivo ese plan de control das terrazas porque é evidente e eu creo que todas as coruñesas e coruñeses, todas as que temos ollos, vemos que hai, evidentemente, locais de hostalaría que cumpren e que, evidentemente, fan as cousas ben, pero tamén vemos que hai, pois establecementos de hostalaría que non cumpren, e polo tanto é necesario que se controle porque o que vemos diariamente se percorremos a cidade, pois é establecementos de hostalaría que utilizan a rúa como, pois como almacén dos elementos das súas terrazas; vemos como, efectivamente, hai moitos establecementos de hostalaría que ocupan portais onde ten que entrar a xente, pois ás súas vivendas; ou vemos que hai locais de hostalaría que non deixan espazo suficiente para que entren os vehículos de emerxencia.

*Creemos que también tiene de muy positivo ese plan de control de las terrazas porque es evidente y yo creo que todas las coruñesas y coruñeses, todas las que tenemos ojos, vemos que hay, evidentemente, locales de hostelería que cumplen y que, evidentemente, hacen las cosas bien, pero también vemos que hay, pues establecimientos de hostelería que no cumplen, y por lo tanto es necesario que se controle porque lo que vemos diariamente si recorremos la ciudad, pues es establecimientos de hostelería que utilizan la calle como, pues como almacén de los elementos de sus terrazas; vemos cómo, efectivamente, hay muchos establecimientos de hostelería que ocupan portales donde tiene que entrar la gente, pues a sus viviendas; o vemos que hay locales de hostelería que no dejan espacio suficiente para que entren los vehículos de emergencia.*

Polo tanto, eu creo que eses incumprimentos hai que corrixilos, hai que vixilar o cumprimento desta ordenanza, ese plan de control é moi positivo e cremos tamén que iso ó que me refería do espazo para que accedan ambulancias e servizos de emerxencia é unha cousa que queda moi clara nesta ordenanza e a cuestión de accesibilidade é unha cuestión que tamén queda moi clara nesta ordenanza, sendo un incumprimento moi grave, moi grave,

*Por lo tanto, yo creo que esos incumplimientos hay que corregirlos, hay que vigilar el cumplimiento de esta ordenanza, ese plan de control es muy positivo y creemos también que eso a lo que me refería del espacio para que accedan ambulancias y servicios de emergencia es una cosa que queda muy clara en esta ordenanza y la cuestión de accesibilidad es una cuestión que también queda muy clara en esta ordenanza, siendo un incumplimiento muy grave, muy grave,*

que non se cumpran os criterios de accesibilidade.

*que no se cumplan los criterios de accesibilidad.*

Eu creo que esta ordenanza, como digo, é moi positiva, aínda que é evidente que agora abrimos un prazo de exposición pública e que a cidadanía, as veciñas e os veciños, agora teñen que falar e teñen que falar e dicir se están a favor ou en contra de determinadas cuestións que se recollen en esta ordenanza e desde o BNG, coma sempre, estaremos abertas, pois a todas esas achegas que fagan as veciñas e veciños da Coruña e, por suposto, queremos sentarnos co Goberno local para falar de se se admiten ou non as achegas que se vaian recibindo neste trámite de exposición pública.

*Yo creo que esta ordenanza, como digo, es muy positiva, aunque es evidente que ahora abrimos un plazo de exposición pública y que la ciudadanía, las vecinas y los vecinos, ahora tienen que hablar y tienen que hablar y decir se están a favor o en contra de determinadas cuestiones que se recogen en esta ordenanza y desde el BNG, como siempre, estaremos abiertas, pues a todas esas aportaciones que hagan las vecinas y vecinos de A Coruña y, por supuesto, queremos sentarnos con el Gobierno local para hablar de si se admiten o no las aportaciones que se vayan recibiendo en este trámite de exposición pública.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira. Turno para o Partido Popular, señor Lorenzo.

*Muchas gracias, señora Veira. Turno para el Partido Popular, señor Lorenzo.*

***Señor Lorenzo Torres***

**Señor Lorenzo Torres**

*Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas, a todas as persoas que nos acompañan e benvida a nosa querida concelleira Militza Prieto que, como ben dixo a alcaldesa, pois bo, aos tres únenos unha profesión común que é a avogacía, que é defender ás persoas e ademais que nos pon na realidade da rúa, e remítome expresamente ás palabras que dixo dona Inés Rey de que os éxitos son os éxitos da cidade, ou sexa, que os teus éxitos serán.., no teu traballo, serán, redundarán na cidadanía.*

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas, a todas las personas que nos acompañan y bienvenida a nuestra querida concejala Militza Prieto que, como bien dijo la alcaldesa, pues bueno, a los tres nos une una profesión común que es la abogacía, que es defender a las personas y además que nos pone en la realidad de la calle, y me remito expresamente a las palabras que dijo doña Inés Rey de que los éxitos son los éxitos de la ciudad, o sea, que tus éxitos serán.., en tu trabajo, serán, redundarán en la ciudadanía.

*Dito isto, imos entrar un pouco a falar do que é o tema do debate, que é a aprobación da Ordenanza inicial de terrazas. A verdade que lles escoitei atentamente e chámame a atención, o primeiro, que o Bloque Nacionalista*

Dicho esto, vamos a entrar un poco a hablar de lo que es el tema del debate, que es la aprobación de la Ordenanza inicial de terrazas. La verdad que les he escuchado atentamente y me llama la atención, lo primero, que el Bloque Nacionalista

*Galego a través do seu representante manifestase que isto é consecuencia, non? esta norma, dese acordo de investidura. Pois chegan tarde, porque lles lembro que levan seis anos, seis anos, seis anos gobernando Inés Rey co seu apoio, co cal, eu creo que esta norma, esta norma tan necesaria e tan importante, e que había unha demanda, desde logo, social e tamén política respecto a que se elaborase, tardouse moito tempo, moito tempo en traer a este pleno e aínda por encima creo que para esta viaxe que vostedes realizan non eran necesarias estas alforxas porque, sinceramente, falan vostedes das bondades desta nova normativa, que eu non digo que teña algunha cousa boa, pero si adoece dunha sentenza desde a orixe e eu creo que a sentenza que ten esta ordenanza é que está feita por un goberno municipal apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, pero non está elaborada ou non está acordada coas persoas afectadas. E vostedes todo isto, por iso sempre falan de que de consenso, sempre falan do diálogo e sempre disfrazan, e utilizo esta palabra, diciase vestir o santo, pero vostedes disfrazan ó santo porque baixo ningún concepto houbo ningún tipo de diálogo para a elaboración desta norma.*

*Por tanto, dicía a señora Veira que era unha boa ordenanza e eu pregúntome para quen é esta boa ordenanza, porque para nin o sector de hostalería nin para os usuarios das terrazas nin, por suposto, nin para as persoas residentes nas rúas onde se permite a súa instalación, eles crean que sexa unha boa ordenanza, e dígolle por que: porque non foron escoitados. Como sempre, vostedes fan unhas normas, teñen unha maioría, eu sei que é unha maioría natural, esa maioría mal denominada maioría de progreso, pero todo é aplicar o rodete, o rodete normativo no cal aquí mando eu, isto é unha imposición de dous grupos políticos*

Galego a través de su representante haya manifestado que esto es consecuencia ¿no?, esta norma, de ese acuerdo de investidura. Pues llegan tarde, porque les recuerdo que llevan seis años, seis años, seis años gobernando Inés Rey con su apoyo, con lo cual, yo creo que esta norma, esta norma tan necesaria y tan importante, y que había una demanda, desde luego, social y también política respecto a que se elaborara, se tardó mucho tiempo, mucho tiempo en traer a este pleno y aún por encima creo que para este viaje que ustedes realizan no eran necesarias estas alforjas porque, sinceramente, hablan ustedes de las bondades de esta nueva normativa, que yo no digo que tenga alguna cosa buena, pero sí adolece de un fallo desde el origen y yo creo que el fallo que tiene esta ordenanza es que está hecha por un gobierno municipal apoyado por el Bloque Nacionalista Galego, pero no está elaborada o no está consensuada con las personas afectadas. Y ustedes todo esto, por eso siempre hablan de que de consenso, siempre hablan del diálogo y siempre disfrazan, y utilizo esta palabra, se decía vestir al santo, pero ustedes disfrazan al santo porque bajo ningún concepto hubo ningún tipo de diálogo para la elaboración de esta norma.

Por lo tanto, decía la señora Veira que era una buena ordenanza y yo me pregunto para quién es esta buena ordenanza, porque para ni el sector de hostelería ni para los usuarios de las terrazas ni, por supuesto, ni para las personas residentes en las calles donde se permite su instalación, ellos crean que sea una buena ordenanza, y le digo por qué: porque no han sido escuchados. Como siempre, ustedes hacen unas normas, tienen una mayoría, yo sé que es una mayoría natural, esa mayoría mal denominada mayoría de progreso, pero todo es aplicar el rodillo, el rodillo normativo en el cual aquí mando yo, esto es una imposición de dos grupos políticos porque no solo es que

*porque non só é que non falasen co partido da oposición, que a iso xa estamos afeitos, é que non están a falar vostedes con ningún representante do sector, e isto non o digo eu, isto dino eles. Vostedes non implicaron na elaboración desta norma nin á Asociación Provincial de Hostalería, nin á Asociación para a defensa da igualdade da Hostalería nin a Asociación de Hostaleiros da Mariña nin aos hostaleiros de María Pita, que xa publicamente manifestaron que este concello non lles tivo en conta para a elaboración desta norma. E non confundan vostedes —son moi dados a confundir— o que é chamar a unhas persoas para dicirlles o que van facer, que chamar a unhas persoas para pedirlles que lles axuden ó que van facer. E eu creo que este tipo de normas, que é unha norma, entendo, moi complexa, tremendamente complexa, que afecta a moitas persoas, que afecta a moitos sectores, para que tivese de verdade un peso e tivesen vostedes ganas de que esta norma saíse adiante, deberían vostedes nun momento dado contar cos afectados e escoitar as propostas dos afectados, e escoitar non é chamalos a que veñan aquí ó Concello, presentarlles un power point e dicir: isto é o que nós decidimos facer.*

*Xa lle digo, creo que hai outra forma de facer as cousas, creo que o diálogo é importante, creo que unha norma deste tipo, tan necesaria, debería nacer con outros consensos e sobre todo debía de ser produto do diálogo, dun diálogo que daría lugar a un traballo profundo, un diálogo que sobre todo achegarían a esta norma, pois eu creo que moitas propostas que se cadra, e seguramente, mellorarían a mesma. Pero xa digo, confunden vostedes o reunirse para impoñer que o diálogo continuo.*

*E xa digo, eu non sei que medidas reais contén a norma para contabilizar...,*

no hayan hablado con el partido de la oposición, que a eso ya estamos acostumbrados, es que no están hablando ustedes con ningún representante del sector, y esto no lo digo yo, esto lo dicen ellos. Ustedes no han implicado en la elaboración de esta norma ni a la Asociación Provincial de Hostelería, ni a la Asociación para la defensa de la igualdad de la Hostelería ni la Asociación de Hosteleros de la Marina ni a los hosteleros de María Pita, que ya públicamente han manifestado que este concello no les ha tenido en cuenta para la elaboración de esta norma. Y no confundan ustedes —son muy dados a confundir— lo que es llamar a unas personas para decirles lo que van a hacer, que llamar a unas personas para pedirles que les ayuden a lo que van a hacer. Y yo creo que este tipo de normas, que es una norma, entiendo, muy compleja, tremendamente compleja, que afecta a muchas personas, que afecta a muchos sectores, para que tuviera de verdad un peso y tuvieran ustedes ganas de que esta norma saliera adelante, deberían ustedes en un momento dado contar con los afectados y escuchar las propuestas de los afectados, y escuchar no es llamarlos a que vengan aquí al Concello, presentarles un *power point* y decir: esto es lo que nosotros hemos decidido hacer.

Ya le digo, creo que hay otra forma de hacer las cosas, creo que el diálogo es importante, creo que una norma de este tipo, tan necesaria, debería haber nacido con otros consensos y sobre todo debía de ser producto del diálogo, de un diálogo que daría lugar a un trabajo profundo, un diálogo que sobre todo aportarían a esta norma, pues yo creo que muchas propuestas que a lo mejor, y seguramente, mejorarían la misma. Pero ya digo, confunden ustedes el reunirse para imponer que el diálogo continuo.

Y ya digo, yo no sé qué medidas reales contiene la norma para contabilizar...,

*perdón, para compatibilizar a actividade económica e o descanso veciñal. Despois, á vista da norma e da técnica xurídica utilizada, crea moita inseguridade xurídica, é moi arbitraria, ten moitos conceptos xurídicos indeterminados e eu creo que dá moito lugar a unha interpretación que pode ser moi subxectiva segundo as circunstancias.*

*E xa digo, sempre vostedes, e isto non é novo neste concello, e isto non é novo neste goberno municipal, traen vostedes a aprobación aquí ó Pleno, normas que nacen de soamente da súa imposición, da súa aplicación do rodete, pero en ningún caso do diálogo, e pódolle poñer moitos exemplos se quere, eh? por se ten algunha dúbida do que estou a dicir. Mire, fálolle a vostede, por exemplo, do que pasou cos orzamentos, nós nin sequera nos chamaron, convidáronnos a participar e non foron tido en conta ningunha das alegacións formuladas polo Partido Popular* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. *Pasou tamén coa Ordenanza de mobilidade, coa Ordenanza de axuda a domicilio (...) todo o que están os taxistas, o conflito, dixérono, manifestárono hoxe, fixeron unha norma sen que os tivesen en conta; pasou coas ordenanzas fiscais, etcétera.*

*Pero bo, hai que dicir algo en positivo, hai pouco tempo, e eu escoiteille, señora Veira, que é un momento dunha oportunidade, ábrese un prazo, un prazo de 30 días que normalmente son mes e medio para que poidan estas persoas que ata o de agora non foron tidos en conta poidan facer achegas. Quedo coas súas palabras, quedo coas súas palabras de que están vostedes abertos a escoitalos, están vostedes abertos a estudar as súas propostas, están vostedes abertos a telas en conta. É tarde, é tarde, porque debían de facelo antes, debía haber un traballo previo que non existe, pero bo, tamén é*

perdón, para compatibilizar la actividad económica y el descanso vecinal. Luego, a la vista de la norma y de la técnica jurídica utilizada, crea mucha inseguridad jurídica, es muy arbitraria, tiene muchos conceptos jurídicos indeterminados y yo creo que da mucho lugar a una interpretación que puede ser muy subjetiva según las circunstancias.

Y ya digo, siempre ustedes, y esto no es nuevo en este concello, y esto no es nuevo en este gobierno municipal, traen ustedes a aprobación aquí al Pleno, normas que nacen de solamente de su imposición, de su aplicación del rodillo, pero en ningún caso del diálogo, y le puedo poner muchos ejemplos si quiere ¿eh?, por si tiene alguna duda de lo que estoy diciendo. Mire, le hablo a usted, por ejemplo, de lo que pasó con los presupuestos, nosotros ni siquiera nos llamaron, nos invitaron a participar y no fueron tenido en cuenta ninguna de las alegaciones formuladas por el Partido Popular ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***. Ha pasado también con la Ordenanza de movilidad, con la Ordenanza de ayuda a domicilio (...) todo lo que están los taxistas, el conflicto, lo han dicho, lo han manifestado hoy, han hecho una norma sin que los hayan tenido en cuenta; pasó con las ordenanzas fiscales, etcétera.

Pero bueno, hay que decir algo en positivo, hay poco tiempo, y yo le escuché, señora Veira, que es un momento de una oportunidad, se abre un plazo, un plazo de 30 días que normalmente son mes y medio para que puedan estas personas que hasta ahora no han sido tenidos en cuenta puedan hacer aportaciones. Me quedo con sus palabras, me quedo con sus palabras de que están ustedes abiertos a escucharlos, están ustedes abiertos a estudiar sus propuestas, están ustedes abiertos a tenerlas en cuenta. Es tarde, es tarde, porque debían de haberlo hecho antes, debía haber un trabajo previo que no existe, pero bueno, también es un

*un momento de oportunidade que hai que aproveitar.*

*Xa lle digo, eu sei o que vai facer o Partido Popular, eu sei o que vai facer o meu grupo, nós imos reunirnos con todos, imos escoitar as súas propostas, imos tentar ver cales poden ser viables ou non, que se cadra algunhas das que fan hai que dicirlles: miren, isto non é viable, porque iso tamén ás veces hai que dicilo, o que si e o que non, pero sobre todo imos tentar mellorala entre todos. Porque eu creo que hai outra forma de gobernar e outra forma de gobernar é escoitar, escoitar antes de impoñer.*

*Moitísimas grazas pola súa atención.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lorenzo. Apague o micro, por fa... Señor Lorenzo, perdón, o micro, si, porque se non, non... Grazas.

Señora Díaz, ten a palabra.

**Señora Díaz Vázquez**

Grazas. En primeiro lugar, as miñas desculpas á señora Prieto porque como traía este asunto tan importante fun ó grano. Saúdos, benvida, moita sorte e moitos acertos.

Ben, pois escoitando ó señor Lorenzo, a verdade que mo pon fácil porque resulta todo tan predecible, non? O primeiro que lle quería preguntar é que é exactamente o que non lle gusta, porque só fala de falta de diálogo e de consenso e vénme ben, digo, porque era predecible que dixera iso, non? E encántame o de imposición, gústame porque, como ben dixo, esta ordenanza está acordada, está traballada dando bo froito, co Bloque Nacionalista, pero tirando de hemeroteca, por iso digo que vén ben o de predecible, no ano 2013 dicían os medios: *O PP aproba en*

momento de oportunidad que hay que aprovechar.

Ya le digo, yo sé lo que va a hacer el Partido Popular, yo sé lo que va a hacer mi grupo, nosotros vamos a reunirnos con todos, vamos a escuchar sus propuestas, vamos a intentar ver cuáles pueden ser viables o no, que a lo mejor algunas de las que hacen hay que decirles: miren, esto no es viable, porque eso también a veces hay que decirlo, lo que sí y lo que no, pero sobre todo vamos a intentar mejorarla entre todos. Porque yo creo que hay otra forma de gobernar y otra forma de gobernar es escuchar, escuchar antes de imponer.

Muchísimas gracias por su atención.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lorenzo. Apague el micro, por fa... Señor Lorenzo, perdón, el micro, sí, porque si no, no... Gracias.*

*Señora Díaz, tiene la palabra.*

***Señora Díaz Vázquez***

*Gracias. En primer lugar, mis disculpas a la señora Prieto porque como traía este asunto tan importante fui al grano. Saludos, bienvenida, mucha suerte y muchos aciertos.*

*Bien, pues escuchando al señor Lorenzo, la verdad que me lo pone fácil porque resulta todo tan predecible, ¿no? Lo primero que le quería preguntar es qué es exactamente lo que no le gusta, porque solo habla de falta de diálogo y de consenso y me viene bien, digo, porque era predecible que dijera eso, ¿no? Y me encanta lo de imposición, me gusta porque, como bien dijo, esta ordenanza está acordada, está trabajada dando buen fruto, con el Bloque Nacionalista, pero tirando de hemeroteca, por eso digo que viene bien lo de predecible, en el año 2013 decían los*

*solitario a Ordenanza de terrazas; o PP aproba de novo aquí a Ordenanza de terrazas só cos votos do Partido Popular*. Entón, vostedes daquela non falaban, non consensuaban, impoñían. Non falaban con ninguén porque de feito tamén hai outra que di: *O Goberno local di que as queixas de veciños e hostaleiros avalan a norma de terrazas. Caramba! Como se queixa todo o mundo, é que o facemos ben?* En serio, a verdade é que paréceme, pois un argumento un tanto, bueno, inquietante, digamos.

*medios:* El PP aprueba en solitario la Ordenanza de terrazas; el PP aprueba de nuevo aquí la Ordenanza de terrazas solo con los votos del Partido Popular. *Entonces, ustedes en aquel momento no hablaban, no consensuaban, imponían. No hablaban con nadie porque de hecho también hay otra que dice:* El Gobierno local dice que las quejas de vecinos y hosteleros avalan la norma de terrazas. ¡Caramba! Como se queja todo el mundo ¿es que lo hacemos bien? *En serio, la verdad es que me parece, pues un argumento un tanto, bueno, inquietante, digamos.*

Entón, vostede vén dando leccións e leccións, a nós ningunha porque nós si que consensuamos e dialogamos. En primeiro lugar, porque esta ordenanza nace dunha consulta pública. Vostede pode dicir: é que no ano 2013 non era obrigatoria a consulta pública. Non era obrigatoria, pero si era recomendable, non a fixeron. Nós partimos xa dunha consulta pública e aquí si, recollemos e analizamos esas propostas e claro que sucede que as propostas moitas veces son contrarias entre si, pero diso vai gobernar, de escoitar, de ponderar e buscar ese equilibrio entre dereitos. Ese foi un traballo arduo de chegar a ese equilibrio. Pero ademais desa consulta pública, si que mantivemos reunións con asociacións veciñais, con asociacións de hostalaría e concretamente en María Pita fixemos unha mesa de diálogo específica para as terrazas de María Pita, e de feito, desa mesa, non só, non só é que se repita e se vai proceder a outras novas mesas de diálogo, senón que creamos un grupo de WhatsApp na que eu estou resolvendo dúbidas que poidan xurdir pouco a pouco. Nesa mesa de María Pita tamén —e quero dicilo para que quede claro— a nosa alcaldesa comprometeuse a retirar as actuais terrazas de María Pita e encargar un proxecto de deseño das futuras terrazas. Desta maneira, redactando un

*Entonces, usted viene dando lecciones y lecciones, a nosotros ninguna porque nosotros sí que consensuamos y dialogamos. En primer lugar, porque esta ordenanza nace de una consulta pública. Usted puede decir: es que en el año 2013 no era obligatoria la consulta pública. No era obligatoria, pero sí era recomendable, no la hicieron. Nosotros partimos ya de una consulta pública y aquí sí, recogimos y analizamos esas propuestas y claro que sucede que las propuestas muchas veces son contrarias entre sí, pero de eso va a gobernar, de escuchar, de ponderar y buscar ese equilibrio entre derechos. Ese fue un trabajo arduo de llegar a ese equilibrio. Pero además de esa consulta pública, sí que mantuvimos reuniones con asociaciones vecinales, con asociaciones de hostelería y concretamente en María Pita hicimos una mesa de diálogo específica para las terrazas de María Pita, y de hecho, de esa mesa, no solo, no solo es que se repita y se va a proceder a otras nuevas mesas de diálogo, sino que creamos un grupo de WhatsApp en la que yo estoy resolviendo dudas que puedan surgir poco a poco. En esa mesa de María Pita también —y quiero decirlo para que quede claro— nuestra alcaldesa se comprometió a retirar las actuales terrazas de María Pita y encargar un proyecto de diseño de las futuras terrazas. De esta manera,*

proxecto homoxéneo para todas as terrazas, pois como digo, se mellora a integración urbana das terrazas por ser homoxéneas e se favorece a economía de escala que vai reducir os custos para o sector hostaleiro. E hai que dicilo con claridade tamén, a aplicación dos criterios estéticos da Ordenanza non se teñen que implementar inmediatamente, senón que hai un período de adaptación progresiva.

*redactando un proyecto homogéneo para todas las terrazas, pues como digo, si mejora la integración urbana de las terrazas por ser homogéneas y se favorece la economía de escala que va a reducir los costes para el sector hostelero. Y hay que decirlo con claridad también, la aplicación de los criterios estéticos de la Ordenanza no se tienen que implementar inmediatamente, sino que hay un período de adaptación progresiva.*

Así que esta é a nosa implicación, esta é a nosa implicación e ese proxecto de deseño de terrazas de María Pita, por certo, non se pode facer antes porque o primeiro é aprobar a Ordenanza para saber cal vai ser a ordenación singular deste espazo e polo tanto os criterios que teñen que recoller esas terrazas. O que está subido na Ordenanza é un debuxo, é unha infografía exemplarizante, non é o deseño definitivo.

*Así que esta es nuestra implicación, esta es nuestra implicación y ese proyecto de diseño de terrazas de María Pita, por cierto, no se puede hacer antes porque lo primero es aprobar la Ordenanza para saber cuál va a ser la ordenación singular de este espacio y por lo tanto los criterios que tienen que recoger esas terrazas. Lo que está subido en la Ordenanza es un dibujo, es una infografía ejemplarizante, no es el diseño definitivo.*

Pero ben, máis aló, casos concretos e datos concretos, obxectivos, porque vostedes din falta de consenso, falta de diálogo, pero o día 6 de febreiro deste mes, o presidente da Asociación Provincial de hostalaría dicía nos medios que o texto recolle a maioría das peticións do sector e recolle o que se viña negociando, o que se viña falando, dio así textual, mostrando ademais satisfacción con varios puntos da Ordenanza. E desde a parte da veciñanza, a Federación de asociacións veciñais tamén explicitou o seu apoio ó texto.

*Pero bien, más allá, casos concretos y datos concretos, objetivos, porque ustedes dicen falta de consenso, falta de diálogo, pero el día 6 de febrero de este mes, el presidente de la Asociación Provincial de hostelería decía en los medios que el texto recoge la mayoría de las peticiones del sector y recoge lo que se venía negociando, lo que se venía hablando, lo dice así textual, mostrando además satisfacción con varios puntos de la Ordenanza. Y desde la parte del vecindario, la Federación de asociaciones vecinales también explicitó su apoyo al texto.*

Polo tanto, como digo, feitos claros, non mentiras, non falar de falta de diálogo porque precisamente nós si que dialogamos. Aquí houbo escoita, houbo negociación e houbo e hai equilibrio. O que trae esta ordenanza é responsabilidade para compatibilizar a actividade económica, a convivencia e o dereito ó descanso e ó uso do espazo público porque ordenar mellor non é

*Por lo tanto, como digo, hechos claros, no mentiras, no hablar de falta de diálogo porque precisamente nosotros sí que dialogamos. Aquí hubo escucha, hubo negociación y hubo y hay equilibrio. El que trae esta ordenanza es responsabilidad para compatibilizar la actividad económica, la convivencia y el derecho al descanso y al uso del espacio público porque ordenar mejor no es prohibir, es*

prohibir, é garantir que a cidade funcione para todas e para todos.

Máis nada, grazas.

**Presidencia**

Grazas, señora Díaz. Última quenda de debate de tres minutos. Señora Veira.

**Señora Veira González**

Grazas. Señor Lorenzo, eu alégrome de que centre o debate no Bloque Nacionalista Galego, iso significa..., para min é moi positivo. Lamento indicarlle que non estamos no Goberno local por moito que insistan. Apúntolle unha cuestión, a primeira, en 2013, efectivamente, vostedes impuxeron, poñamos entre comiñas porque non considero que fose unha imposición, vostede tiñan a maioría absoluta, polo tanto, pois trouxeron a Pleno a Ordenanza que quixeron, aprobárona, tiñan toda a autorización do mundo, toda a lexitimidade democrática para aprobala, pero tamén lla impuxeron ós hostaleiros, tanto que, efectivamente, a Asociación Provincial de Hostaleiros naquel momento dicía que lles estaban impoñendo as taxas e que por que tiñan que pagar as taxas, e o Goberno local non se botou atrás, polo menos na forma, no fondo xa... houbo outras cuestións, pero en teoría non se botaron atrás e permaneceron, efectivamente, pois firmes na súa intención de cobrarlles a taxa de terrazas, polo tanto lle impuxeron esa taxa, seguindo a súa lóxica, por suposto.

Pero miren, non levamos seis anos agardando pola Ordenanza, levamos desde 2023, tres anos. É certo que estivemos traballando xa no ano pasado neste texto, pero non levamos seis anos. A redacción dunha nova ordenanza de terrazas está no acordo de investidura de

*garantizar que la ciudad funcione para todas y para todos.*

*Nada más, gracias.*

***Presidencia***

*Gracias, señora Díaz. Último turno de debate de tres minutos. Señora Orilla.*

***Señora Veira González***

*Gracias. Señor Lorenzo, yo me alegro de que centre el debate en el Bloque Nacionalista Galego, eso significa..., para mí es muy positivo. Lamento indicarle que no estamos en el Gobierno local por mucho que insistan. Le apunto una cuestión, la primera, en 2013, efectivamente, ustedes impusieron, pongamos entre comillas porque no considero que fuera una imposición, usted tenían la mayoría absoluta, por lo tanto, pues trajeron a Pleno la Ordenanza que quisieron, la aprobaron, tenían toda la autorización del mundo, toda la legitimidad democrática para aprobarla, pero también se la impusieron a los hosteleros, tanto que, efectivamente, la Asociación Provincial de Hoteleros en aquel momento decía que les estaban imponiendo las tasas y que por que tenían que pagar las tasas, y el Gobierno local no se echó atrás, por lo menos en la forma, en el fondo ya... hubo otras cuestiones, pero en teoría no se echaron atrás y permanecieron, efectivamente, pues firmes en su intención de cobrarles la tasa de terrazas, por lo tanto le impusieron esa tasa, siguiendo su lógica, por supuesto.*

*Pero miren, no llevamos seis años esperando por la Ordenanza, llevamos desde 2023, tres años. Es cierto que estuvimos trabajando ya en el año pasado en este texto, pero no llevamos seis años. La redacción de una nueva ordenanza de terrazas está en el acuerdo de investidura*

2023, non de 2019.

*de 2023, no de 2019.*

Despois, nós o que consideramos e o que dicía na primeira intervención, desde o BNG cremos que é unha boa ordenanza, é unha boa ordenanza para as coruñesas e os coruñeses no seu conxunto, non persegue beneficiar especificamente a un sector, o que pretende é devolverlle ás coruñesas e ós coruñeses o seu dereito ó espazo público, primeiro, e tamén queremos dicir que nós esta ordenanza lla aprobamos á cidade da Coruña, non lla aprobamos ó Goberno municipal, aprobámoslla á cidade da Coruña porque as coruñesas e coruñeses, como dixen ó comezo, rogáronos por distintos medios, diversas asociacións de todos os..., de todas as sensibilidades, nos pediron que se puxese orde neste asunto, e polo tanto, nós o que facemos, facémonos eco disto ademais de, evidentemente, do que nos mesmas observamos cando percorremos as rúas da nosa cidade.

*Después, nosotros el que consideramos y el que decía en la primera intervención, desde el BNG creemos que es una buena ordenanza, es una buena ordenanza para las coruñesas y los coruñeses en su conjunto, no persigue beneficiar específicamente a un sector, el que pretende es devolverle a las coruñesas y a los coruñeses su derecho al espacio público, primero, y también queremos decir que nosotros esta ordenanza se la aprobamos a la ciudad de A Coruña, no se la aprobamos al Gobierno municipal, se la aprobamos a la ciudad de A Coruña porque las coruñesas y coruñeses, como dije al comienzo, los rogaron por distintos medios, diversas asociaciones de todos los..., de todas las sensibilidades, nos pidieron que se pusiera orden en este asunto, y por lo tanto, nosotros el que hacemos, nos hacemos eco disto además de, evidentemente, del que nos mismas observamos cuándo recorremos las calles de nuestra ciudad.*

E para rematar, señor Lorenzo, en todas as ordenanzas que eu levo negociado co Goberno municipal e que levamos negociado desde o BNG co Goberno municipal, a das vivendas de uso turístico, a de mobilidade, etcétera, etcétera, esta, sempre, sempre, sempre dixen nas aprobacións iniciais que teriamos en conta as achegas e que lle exixiamos ó Goberno municipal negociar o que se incorporaría e o que non na..., de cara ás aprobacións definitivas, sempre o dixen, é o noso talante, escoitar á xente, escoitar as súas achegas, ver todos os puntos de vista e reflectir todo iso nas ordenanzas. É o noso talante, fixémolo sempre e vámolo facer sempre, esta ordenanza non é unha cuestión distinta. Que vaiamos estudar esas achegas non significa que as vaiamos aceptar, significa que as vamos a estudar e que as queremos negociar co Goberno local, iso

*Y para finalizar, señor Lorenzo, en todas las ordenanzas que yo llevo negociado con el Gobierno municipal y que llevamos negociado desde el BNG con el Gobierno municipal, la de las viviendas de uso turístico, la de movilidad, etcétera, etcétera, esta, siempre, siempre, siempre dije en las aprobaciones iniciales que tendríamos en cuenta las aportaciones y que le exigíamos al Gobierno municipal negociar lo que se incorporaría y lo que no en la..., de cara a las aprobaciones definitivas, siempre lo dije, es nuestro talante, escuchar a la gente, escuchar sus aportaciones, ver todos los puntos de vista y reflejar todo eso en las ordenanzas. Es nuestro talante, lo hicimos siempre y vamos a hacerlo siempre, esta ordenanza no es una cuestión distinta. Que vamos a estudiar esas aportaciones no significa que las vamos a aceptar, significa que las vamos a estudiar y que las queremos*

é o que significa.

*negociar con el Gobierno local, eso es lo que significa.*

E para rematar, señora Díaz, eu sei que chamaron algunhas entidades, pero hai entidades que tamén nos fixeron chegar a súa queixa porque non foron escoitadas e son entidades que padecen —vouno dicir así—, padecen en moitos casos as..., bueno, pois a falta de control e os desmadres dalgúns locais de hostalaría. Polo tanto, non escoitaron a todo o mundo e cremos que este é un bo momento, este impás da exposición pública.

*Y para finalizar, señora Díaz, yo sé que llamaron algunas entidades, pero hay entidades que también nos hicieron llegar su queja porque no fueron escuchadas y son entidades que padecen —lo voy a decir así—, padecen en muchos casos las..., bueno, pues la falta de control y los desmadres de algunos locales de hostelería. Por lo tanto, no escucharon a todo el mundo y creemos que este es un buen momento, este impase de la exposición pública.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señora Veira. Turno de peche para o Partido Popular, señor Lorenzo.

*Gracias, señora Veira. Turno de cierre para el Partido Popular, señor Lorenzo.*

***Señor Lorenzo Torres***

**Señor Lorenzo Torres**

*Grazas, señora alcaldesa.*

Gracias, señora alcaldesa.

*Mire, se algo son previsibles son vostedes, eh? Eu xa lles coñezo o seu discurso do diálogo, porque vostedes —díxeno antes e digoo agora— visten o santo do diálogo e, se queren, aproveitamos que está o Entroido, disfrazan o diálogo coa imposición. Miren, chamar ós representantes, traelos ó Concello, explicarlles o que lles van impoñer, iso non é diálogo, iso esquézase,, iso non é diálogo. Diálogo é escoitar e atender peticións, non dicir vostedes o que van facer.*

Mire, si algo son previsibles son ustedes ¿eh? Yo ya les conozco su discurso del diálogo, porque ustedes —lo dije antes y lo digo ahora— visten el santo del diálogo y, si quieren, aprovechamos que está el Carnaval, disfrazan el diálogo con la imposición. Miren, llamar a los representantes, traerlos al Concello, explicarles lo que les van a imponer, eso no es diálogo, eso olvídese, eso no es diálogo. Diálogo es escuchar y atender peticiones, no decir ustedes lo que van a hacer.

*Por iso, xa lle digo, claro que son vostedes predicibles e, aparte, chámame a atención, nós denunciamos moito —que di vostede que son predicible— que vostedes non están na rúa, que pouco se relacionan na rúa cos problemas dos cidadáns, pero tamén me dá a sensación que len pouco a prensa porque eu o que*

Por eso, ya le digo, claro que son ustedes predecibles y, aparte, me llama la atención, nosotros denunciamos mucho —que dice usted que soy predecible— que ustedes no están en la calle, que poco se relacionan en la calle con los problemas de los ciudadanos, pero también me da la sensación que leen poco la prensa porque

*vin en prensa durante todos estes días son a queixa de todos os sectores e todos teñen un denominador común: non se nos escoitaron as nosas peticións. Non o di o Partido Popular, dino os afectados. Entón, eu recoméndolle que lea o xornal, que escoite e que o que din as asociacións afectadas e sobre todo, xa lle digo, que ese falso diálogo do que vostedes falan, que non existe.*

*Mire, eu sei que a norma é complexa, a norma é complexa, pero a min..., creo que ten moitos fallos esta norma, unha rixidez normativa moi grande para unha casuística moi grande porque, a verdade, que cada rúa é un mundo. Logo, teñen vostedes..., pretenden vostedes facer un deseño, un deseño estético demasiado dirixido e é certo que todo isto vai producir unha serie de investimentos, unha serie de gastos ós hostaleiros, que xa están, xa están, é un sector, pois que ultimamente, pois está a sufrir moito co tema dos custos laborais, o tema dos custos dos produtos, o tema das taxas das terrazas, as taxas das terrazas que as duplicaron vostedes desde o ano pasado. E eu pregúntome, pregúntome, se teñen vostedes previsto no futuro calquera tipo de axuda, liña de axuda a estas persoas ás cales lle van esixir investimentos nos seus establecementos porque me dá a sensación de que non, vostedes impoñen, pero xa digo, ó final o que están a prexudicar é a un sector.*

*Xa digo, crea moita inseguridade xurídica e moito concepto xurídico, hai moita discrecionalidade que non se sabe como se vai resolver e logo, chega a criterio, pero non sei, da persoa que lle corresponda.*

*Despois, non está para nada nin soluciona o problema que existe entre a compatibilidade entre o descanso veciñal, que é importante, que está unido ó dereito á saúde, e a propia actividade*

yo lo que he visto en prensa durante todos estos días son la queja de todos los sectores y todos tienen un denominador común: no se nos han escuchado nuestras peticiones. No lo dice el Partido Popular, lo dicen los afectados. Entonces, yo le recomiendo que lea el periódico, que escuche y que lo que dicen las asociaciones afectadas y sobre todo, ya le digo, que ese falso diálogo del que ustedes hablan, que no existe.

Mire, yo sé que la norma es compleja, la norma es compleja, pero a mí..., creo que tiene muchos fallos esta norma, una rigidez normativa muy grande para una casuística muy grande porque, la verdad, que cada calle es un mundo. Luego, tienen ustedes..., pretenden ustedes hacer un diseño, un diseño estético demasiado dirigido y es cierto que todo esto va a producir una serie de inversiones, una serie de gastos a los hoteleros, que ya están, ya están, es un sector, pues que últimamente, pues está sufriendo mucho con el tema de los costes laborales, el tema de los costes de los productos, el tema de las tasas de las terrazas, las tasas de las terrazas que las han ustedes duplicado desde el año pasado. Y yo me pregunto, me pregunto, si tienen ustedes previsto en el futuro cualquier tipo de ayuda, línea de ayuda a estas personas a las cuales le van a exigir inversiones en sus establecimientos porque me da la sensación de que no, ustedes imponen, pero ya digo, al final lo que están perjudicando es a un sector.

Ya digo, crea mucha inseguridad jurídica y mucho concepto jurídico, hay mucha discrecionalidad que no se sabe cómo se va a resolver y luego, llega a criterio, pero no sé, de la persona que le corresponda.

Luego, no está para nada ni soluciona el problema que existe entre la compatibilidad entre el descanso vecinal, que es importante, que está unido al derecho a la salud, y la propia actividad

*económica hostaleira. Despois, como se vai a facer o control, non? e o cumprimento dos horarios, porque desde logo, o que temos claro é que todo se basea nun réxime sancionador, pero van ter algún problema de como van certificar vostedes os incumprimentos, por falta de persoal. E despois, a transición dunha norma a outra, paréceme que é un prazo moi curto o que esixen para a adaptación á nova norma.*

*Por suposto que eu gobernei hai 10 anos. Tamén vostedes, xa lle digo que desde hai 10 anos non volveron gañar nunca unhas eleccións, sempre as gañou o Partido Popular e gobernaron vostedes ou a Marea co apoio do Partido Socialista, agora co Bloque Nacionalista Galego, iso si que é certo, pero eu xa lle digo, hai 10 anos que non goberno, pero tamén é verdade que nunca vostedes gañaron unhas eleccións, que sempre as gañou o Partido Popular. Eu estou aquí como oposición e como oposición teño que facer o meu labor, o meu labor fiscalizador, que a vou seguir facendo, por suposto.*

*E xa lle digo e denúnciolle, esta norma non responde a unha realidade que hai na rúa, e esta norma fíxose sen o consenso e sen o diálogo necesario con todas as partes afectadas. Abrimos agora este proceso, este proceso, porque estamos na aprobación inicial e eu díxenlle o que ía facer, recoller as peticións de todas as persoas afectadas porque nós o que queremos facer, á parte de fiscalizar, que é o noso labor e estamos aquí para iso, para fiscalizar o Goberno, é tamén achegar porque nós queremos ser unha oposición seria, nós queremos ser unha oposición construtiva e sobre todo queremos ser unha oposición coherente.*

*Moitísimas grazas pola súa atención.*

económica hostelera. Luego, cómo se va a hacer el control ¿no? y el cumplimiento de los horarios, porque desde luego, lo que tenemos claro es que todo se basa en un régimen sancionador, pero van a tener algún problema de cómo van a certificar ustedes los incumplimientos, por falta de personal. Y luego, la transición de una norma a otra, me parece que es un plazo muy corto el que exigen para la adaptación a la nueva norma.

Por supuesto que yo goberné hace 10 años. También ustedes, ya le digo que desde hace 10 años no volvieron a ganar nunca unas elecciones, siempre las ganó el Partido Popular y gobernaron ustedes o la Marea con el apoyo del Partido Socialista, ahora con el Bloque Nacionalista Galego, eso sí que es cierto, pero yo ya le digo, hace 10 años que no gobierno, pero también es verdad que nunca ustedes ganaron unas elecciones, que siempre las ganó el Partido Popular. Yo estoy aquí como oposición y como oposición tengo que hacer mi labor, mi labor fiscalizadora, que la voy a seguir haciendo, por supuesto.

Y ya le digo y le denuncio, esta norma no responde a una realidad que hay en la calle, y esta norma se ha hecho sin el consenso y sin el diálogo necesario con todas las partes afectadas. Abrimos ahora este proceso, este proceso, porque estamos en la aprobación inicial y yo le dije lo que iba a hacer, recoger las peticiones de todas las personas afectadas porque nosotros lo que queremos hacer, aparte de fiscalizar, que es nuestra labor y estamos aquí para ello, para fiscalizar el Gobierno, es también aportar porque nosotros queremos ser una oposición seria, nosotros queremos ser una oposición constructiva y sobre todo queremos ser una oposición coherente.

Muchísimas gracias por su atención.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lorenzo. Turno xa para o Goberno, señora Díaz.

**Señora Díaz Vázquez**

Grazas, señora alcaldesa.

Pois efectivamente, como di a señora Veira, agora ábrese ese prazo de exposición pública, ese prazo de alegacións, de achegas, de propostas e melloras que cando se vaian realizado, conforme se vaian realizando, analizaremos a súa pertenencia, nos volveremos sentar coas asociacións e, por suposto si, analizaremos ese plazo de implementación en base a cando vaia ser esa aprobación definitiva, se hai que alongalo, pois alongarase.

E por non entrar moito outra vez no que di o Partido Popular porque volve co mesmo, coa falta de consenso e diálogo e di que veñen fiscalizar, e eu digo, por que non traen aquí propostas, propostas reais. Leron a Ordenanza? Non o sei, porque se non, poderían falar de puntos concretos, non de xeneralidades, non? E volvo dicir, e vostedes por que non escoitaron no 2013? É que non acabo de comprender, non? Con respecto ás novas de prensa e á información que sae na prensa estes días, coido que debería ler con máis atención e profundidade.

Pero ben, volvamos ó que debería ser o esencial deste debate, non? que é a Ordenanza de terrazas e como dixen antes, non é só ordenanza de terrazas, senón que estamos a falar dun modelo de cidade, vai de como equilibramos, de como balanceamos esa actividade económica co descanso veciñal, coa accesibilidade universal e con ese dereito ó uso compartido do espazo público. E por suposto, como xa dixen, isto non é

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lorenzo. Turno ya para el Gobierno, señora Díaz.*

***Señora Díaz Vázquez***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Pues efectivamente, como dice la señora Veira, ahora se abre ese plazo de exposición pública, ese plazo de alegaciones, de aportaciones, de propuestas y mejoras que cuando se vayan realizado, conforme se vayan realizando, analizaremos su pertenencia, nos volveremos a sentar con las asociaciones y, por supuesto sí, analizaremos ese plazo de implementación en base a cuándo vaya ser esa aprobación definitiva, si hay que alargarlo, pues se alargará.*

*Y por no entrar mucho otra vez en lo que dice el Partido Popular porque vuelve con lo mismo, con la falta de consenso y diálogo y dice que vienen a fiscalizar, y yo digo, por qué no traen aquí propuestas, propuestas reales ¿Leyeron la Ordenanza? No lo sé, porque si no, podrían hablar de puntos concretos, no de generalidades, ¿no? Y vuelvo a decir ¿y ustedes por qué no escucharon en 2013? Es que no acabo de comprender ¿no? Con respecto a las noticias de prensa y a la información que sale en la prensa estos días, creo que debería leer con más atención y profundidad.*

*Pero bien, volvamos a lo que debería ser lo esencial de este debate ¿no? que es la Ordenanza de terrazas y como dije antes, no es solo ordenanza de terrazas, sino que estamos hablando de un modelo de ciudad, va de cómo equilibramos, de cómo compaginamos esa actividad económica con el descanso vecinal, con la accesibilidad universal y con ese derecho al uso compartido del espacio público. Y por supuesto, como ya dije, esto no es*

sinxelo porque isto implica tomar decisións que non van de agradar ou non buscan agradar a unha única parte, non? senón que estas decisións teñen que servir ó interese xeral. Por iso a norma, pois actualiza a regulación do 2013, incorpora eses criterios de accesibilidade, de seguridade xurídica, aínda que vostede diga o contrario, de criterios estéticos, recoñece esas realidades que xurdiron despois da pandemia e establece, e si que establece, mecanismos de control e de convivencia, pero sobre todo levo estas tres intervencións falando do que me parece máis importante, dese equilibrio que é o fundamental, o equilibrio entre quen emprende e quen descansa, entre quen traballa e quen vive nun determinado lugar, entre o dinamismo económico e a calidade urbana. Este ten que ser e debería ser o verdadeiro debate e fronte, pois ó seu ruído, eu quédome cos feitos, como dixen.

*sencillo porque esto implica tomar decisiones que no van de agradar o no buscan agradar a una única parte ¿no? sino que estas decisiones tienen que servir al interés general. Por ello la norma, pues actualiza la regulación de 2013, incorpora esos criterios de accesibilidad, de seguridad jurídica, aunque usted diga lo contrario, de criterios estéticos, reconoce esas realidades que surgieron después de la pandemia y establece, y sí que establece, mecanismos de control y de convivencia, pero sobre todo llevo estas tres intervenciones hablando de lo que me parece más importante, de ese equilibrio que es lo fundamental, el equilibrio entre quien emprende y quien descansa, entre quien trabaja y quien vive en un determinado lugar, entre el dinamismo económico y la calidad urbana. Este tiene que ser y debería ser el verdadero debate y frente, pues a su ruido, yo me quedo con los hechos, como dije.*

Si houbo e hai diálogo co sector, diálogo coa veciñanza, hai unha adaptación progresiva a estes novos cambios, a estes criterios estéticos e é unha norma pensada para durar anos, non simplemente para saír en titulares porque ó final gobernar non é prometer solucións simples a problemas complexos, porque iso non é posible, senón que é moderar e pensar nesa cidade que vén, nesa cidade que queremos, e esta ordenanza vai diso, desa Coruña que queremos, máis habitable, máis accesible, con mellor convivencia e por iso pedimos o voto favorable.

*Sí hubo y hay diálogo con el sector, diálogo con el vecindario, hay una adaptación progresiva a estos nuevos cambios, a estos criterios estéticos y es una norma pensada para durar años, no simplemente para salir en titulares porque al final gobernar no es prometer soluciones simples a problemas complejos, porque eso no es posible, sino que es moderar y pensar en esa ciudad que viene, en esa ciudad que queremos, y esta ordenanza va de eso, de esa Coruña que queremos, más habitable, más accesible, con mejor convivencia y por ello pedimos el voto favorable.*

Nos cremos que hai que aumentar o número de bicicletas, que hai que repartir a bicicletas eléctricas, durante o día, polas diferentes estacións da cidade para evitar a súa acumulación no centro. Isto é unha queixa que nos chega reiteradamente. Cremos que ha que elevar o tempo de balde, sobre todo para fomentar o seu uso nos desprazamentos máis longos, eliminar os cinco minutos que teñen que pasar entre que se deixa unha bici e se colle outra porque a realidade é que hai moita xente que cando colle unha bici que está estragada ten que agardar para coller unha que non o estea. Esa é unha das cuestións que se nos fai chegar en reiteradas ocasións (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Tamén a instalación de estacións nos campus universitarios e na estación do tren provisoria.

*Nosotros creemos que hay que aumentar el número de bicicletas, que hay que repartir las bicicletas eléctricas durante el día por las diferentes estaciones de la ciudad para evitar su acumulación en el centro. Esto es una queja que nos llega reiteradamente. Creemos que se ha que elevar el tiempo gratuito, sobre todo para fomentar su uso en los desplazamientos más largos, eliminar los cinco minutos que tienen que pasar entre que se deja una bici y se coge otra porque la realidad es que hay mucha gente que cuando coge una bici que está estropeada tiene que esperar para coger una que no lo esté. Esa es una de las cuestiones que se nos hace llegar en reiteradas ocasiones* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención****). También la instalación de estaciones en los campus universitarios y en la estación del tren provisional.*

E aquí quero determe, porque saíu o Goberno local, casualmente o mesmo día que nós anunciábamos esta moción, dicindo que non ía ser posíbel a instalación de estacións no campus universitario. Pois manda narices, porque levan vostedes prometendo estas estacións anos, anos, e ten que ser unha moción do BNG a que saque a relucir ó final a verdade, non? A nós, desde logo, chámanos a atención e non estamos dispostas a aceptar ese non por resposta, porque aínda que non se poida, evidentemente, dar servizo a todos os universitarios coas estacións de Bicicoruña, eu creo que algo había que facer no campus, non?

*Y aquí quiero detenerme, porque salió el Gobierno local, casualmente el mismo día que nosotros anunciábamos esta moción, diciendo que no iba a ser posible la instalación de estaciones en el campus universitario. Pues manda narices, porque llevan ustedes prometiendo estas estaciones años, años, y tiene que ser una moción del BNG la que saque a relucir al final la verdad, ¿no? A nosotros, desde luego, nos llaman la atención y no estamos dispuestas a aceptar ese no por respuesta, porque aunque no se pueda, evidentemente, dar servicio a todos los universitarios con las estaciones de Bicicoruña, yo creo que algo había que hacer en el campus, ¿no?*

E para rematar, propoñemos traballar cos concellos da comarca para estender este servizo e promover que os coruñeses e as coruñesas poidan desprazarse a outros concellos da comarca en bicicleta e viceversa. Nada máis.

*Y para finalizar, proponemos trabajar con los ayuntamientos de la comarca para extender este servicio y promover que los coruñeses y las coruñesas puedan desplazarse a otros ayuntamientos de la comarca en bicicleta y viceversa. Nada*

*más.*

**Presidencia**

Grazas, señora Veira.

Turno do Partido Popular, señora Catalán.

***Presidencia***

*Gracias, señora Veira.*

*Turno del Partido Popular, señora Catalán.*

**Señora Catalán Morcillo.**

*Moitas grazas Señora alcaldesa e saúdos a todos, en especial ó meu compañeiro Roberto Rodríguez que está a se recuperar ben en casa e a miña querida compañeira e nova incorporación a este gran equipo, Militza, benvida.*

*Señora Rey, espero que en aplicación aos criterios de igualdade que a caracterizan, teña vostede a mesma axilidade para corrixir ó resto de grupos cando se refiran a outro asunto que non está… que non é o que nos ocupa nese momento.*

*Dito isto, en xullo de 2025 o BNG presentaba no Pleno unha pregunta oral onde se facían constar as reclamacións das persoas usuarias de… respecto ó deteriorado estado do carril bici na cidade. A realidade, é que un ano despois moitos deses tramos seguen estando sucios, gretados e inacabados.*

*Hoxe tócalle o servizo Bicicoruña que, como reflicten os datos, en 2025 tivo máis de 1.700.000 usuarios, aumentou a 79 as estacións e a case 60 os quilómetros ciclables.*

*Todo isto, a verdade é que é marabilloso, soa ben e non é para menos. Con todo, non sabemos os datos relacionados cos accidentes nos que se visen implicados os ciclistas a pesar das campañas de concienciación e educación viaria que se realizaron durante 2025. Se cadra, non foron suficientes.*

***Señora Catalán Morcillo.***

Muchas gracias Señora alcaldesa y saludos a todos, en especial a mi compañero Roberto Rodríguez, que está recuperándose bien en casa, y a mi querida compañera y nueva incorporación a este gran equipo, Militza, bienvenida.

Señora Rey, espero que en aplicación a los criterios de igualdad que la caracterizan, tenga usted la misma agilidad para corregir al resto de grupos cuando se refieran a otro asunto que no está… que no es el que nos ocupa en ese momento.

Dicho esto, en julio de 2025 el BNG presentaba en el Pleno una pregunta oral donde se hacían constar las reclamaciones de las personas usuarias de… respecto al deteriorado estado del carril bici en la ciudad. La realidad, es que un año después muchos de esos tramos siguen estando sucios, agrietados e inacabados.

Hoy le toca el servicio Bicicoruña que, como reflejan los datos, en 2025 tuvo más de 1.700.000 usuarios, aumentó a 79 las estaciones y a casi 60 los quilómetros ciclables.

Todo esto, la verdad es que es maravilloso, suena bien y no es para menos. Sin embargo, no sabemos los datos relacionados con los accidentes en los que se vieran implicados los ciclistas pese a las campañas de concienciación y educación vial que se realizaron durante 2025. A lo mejor, no fueron suficientes.

*O que queda claro é que os ciclistas son os condutores máis vulnerables de toda a cadea da mobilidade xunto cos peóns. Tal é así que nos atopamos diariamente —nós tamén recibimos queixas— con gran cantidade de queixas de condutores e peóns que estiveron a piques de chocar ou de ser atropelados por ciclistas circulando de forma indebida ou a gran velocidade por beirarrúas, prazas ou zonas peonís, infrinxindo os preceptos que con tanto afán vostedes acordaron naquela ómnibus de setembro de 2025.*

Lo que queda claro es que los ciclistas son los conductores más vulnerables de toda la cadena de la movilidad junto con los peatones. Tal es así que nos encontramos diariamente —nosotros también recibimos quejas— con gran cantidad de quejas de conductores y peatones que han estado a punto de colisionar o de ser atropellados por ciclistas circulando de forma indebida o a gran velocidad por aceras, plazas o zonas peatonales, infringiendo los preceptos que con tanto ahínco ustedes acordaron en aquella ómnibus de septiembre de 2025.

*E non, non é alarmismo. Onde vostedes ven normalidade, nós vemos imprudencia ou incoherencia pola súa banda. Porque señores do BNG, na súa guerra aberta contra os coches, a cidade rexistra cada vez máis retencións e atascos sen que o goberno de Inés Rey ou vostedes, fagan ou digan algo.*

Y no, no es alarmismo. Donde ustedes ven normalidad, nosotros vemos imprudencia o incoherencia por su parte. Porque señores del BNG, en su guerra abierta contra los coches, la ciudad registra cada vez más retenciones y atascos sin que el gobierno de Inés Rey o ustedes, hagan o digan algo.

*Non sei se contaron os usuarios que tivo o servizo de Bicicoruña durante estes dous meses de borrascas. Moitos non había circulando. O problema, é que como alternativa en días de choiva, os usuarios —e hoxe saía en prensa— optan máis polo coche ou polo bus para poder chegar ó seu traballo ou ó seu domicilio sen apenas mollarse, e así estamos.*

No sé si han contado los usuarios que ha tenido el servicio de Bicicoruña durante estos dos meses de borrascas. Muchos no había circulando. El problema, es que como alternativa en días de lluvia, los usuarios – y hoy salía en prensa- optan más por el coche o por el bus para poder llegar a su trabajo o a su domicilio sin apenas mojarse, y así estamos.

*Tampouco lles oio protestar pola gran cantidade de queixas e reclamacións por danos en vehículos debido ás fochancas e ás calzadas case intransitables por lesións derivadas das caídas en beirarrúas e zonas peonís derivadas da falta de mantemento en xeral. O mesmo isto tamén ía dentro dese pacto secreto dos orzamentos do 2026 ou se cadra tampouco, non sabemos.*

Tampoco les oigo protestar por la gran cantidad de quejas y reclamaciones por daños en vehículos debido a los baches y a las calzadas casi intransitables por lesiones derivadas de las caídas en aceras y zonas peatonales derivadas de la falta de mantenimiento en general. Lo mismo esto también iba dentro de ese pacto secreto de los presupuestos del 2026 o a lo mejor tampoco, no sabemos.

*Miren, poden seguir vostedes ensaiando iso de soprar e sorber á vez, que ó final o acabarán conseguindo.*

Miren, pueden seguir ustedes ensayando eso de soplar y sorber a la vez, que al final lo acabarán consiguiendo.

*En calquera caso, votaremos a favor da súa moción. Está ben que pidan maior sustentabilidade económica para o servizo, recursos materiais, humanos, máis horario, tempo de uso gratuíto ademais de ampliar esas estacións cara ó campus universitario. Repito, todo isto está moi ben, de verdade. É que se non fora por cuestións tan esenciais como que a seguridade viaria dos peóns e a maior concienciación dos usuarios de Bicicoruña pásanllas vostedes por alto.*

En cualquier caso, votaremos a favor de su moción. Está bien que pidan mayor sostenibilidad económica para el servicio, recursos materiales, humanos, más horario, tiempo de uso gratuito además de ampliar esas estaciones hacia el campus universitario. Repito, todo esto está muy bien, de verdad. Es que si no fuera por cuestiones tan esenciales como que la seguridad vial de los peatones y la mayor concienciación de los usuarios de Bicicoruña se las pasan ustedes por alto.

*Tampouco pensan nas persoas de mobilidade reducida, as súas grandes esquecidas sempre. Sabían que cidades como Madrid, Valencia ou Alacante xa contan con bicicletas adaptadas para persoas con mobilidade reducida? Hai moito que aprender por aí fóra, garántollo.*

Tampoco piensan en las personas de movilidad reducida, sus grandes olvidadas siempre ¿Sabían que ciudades como Madrid, Valencia o Alicante ya cuentan con bicicletas adaptadas para personas con movilidad reducida? Hay mucho que aprender por ahí fuera, se lo garantizo.

*En calquera caso, señores do BNG, sigan vostedes arrimándose á árbore que máis quenta. Polo momento poden ir escribindo esa carta aos Reis, a ver se algún día se cumpre algunha das mocións que aprobamos neste pleno.*

En cualquier caso, señores del BNG, sigan ustedes arrimándose al árbol que más calienta. Por el momento pueden ir escribiendo esa carta a los Reyes, a ver si algún día se cumple alguna de las mociones que aprobamos en este pleno.

*Nada máis e moitas grazas.*

Nada más y muchas gracias.

**Presidencia**

Grazas. Turno para o Grupo Socialista, señora Díaz.

***Presidencia***

*Gracias. Turno para el Grupo Socialista, señora Díaz.*

**Señora Díaz Vázquez**

Grazas señora alcaldesa.

Pois o primeiro que hai que dicir, e si, gabámonos, é que Bicicoruña vive o mellor momento sa súa historia, no? E neste ano batemos, bueno, no ano 2005, por cuarto ano consecutivo, o récord de uso alcanzando 1,7 millóns de viaxes anuais, un crecemento moi significativo con respecto ó ano anterior e unha media

***Señora Díaz Vázquez***

*Gracias señora alcaldesa.*

*Pue, lo primero que hay que decir, y sí, nos enorgullecemos, es que Bicicoruña vive el mejor momento de su historia, ¿no? Y en este año batimos, bueno, en el año 2005, por cuarto año consecutivo, el récord de uso alcanzando 1,7 millones de viajes anuales, un crecimiento muy significativo con respecto al año anterior y una media*

diaria, pois que confirma que, efectivamente, Bicicoruña xa é un medio real de transporte cotiá para máis de 16.000 persoas.

*diaria, pues que confirma que, efectivamente, Bicicoruña ya es un medio real de transporte cotidiano para más de 16.000 personas.*

Tamén medrou a infraestrutura, como dicía a señora Veira. Contamos con máis estacións, con máis bicicletas, especialmente eléctricas e máis puntos de ancoraxe. Un salto cualitativo que consolidou a bici como esa parte fundamental da mobilidade urbana. E isto, por suposto, non é froito da casualidade, é froito, pois dos investimentos históricos que se foron realizando. No ano 2022, esa renovación integral do sistema completo de 1,2 millóns de euros no que se renovaron 23 estacións, se instalaron 32 estación novas, máis de 500 bicicletas, grazas tamén as achegas dos fondos Eidus. No 23, 100 bicicletas eléctricas máis y vimos de rematar a segunda gran ampliación, no ano 2025, con máis de 2.5 millóns de euros para, como dicían, 30 novas estacións, 300 novas bicicletas eléctricas, un vehículo de servizo e melloras no centro de mantemento, con achegas de fondos Next.

*También creció la infraestructura, como decía la señora Veira. Contamos con más estaciones, con más bicicletas, especialmente eléctricas y más puntos de anclaje. Un salto cualitativo que consolidó la bici como esa parte fundamental de la movilidad urbana. Y esto, por supuesto, no es fruto de la casualidad, es fruto, pues de las inversiones históricas que se fueron realizando. En el año 2022, esa renovación integral del sistema completo de 1,2 millones de euros en el que se renovaron 23 estaciones, se instalaron 32 estación nuevas, más de 500 bicicletas, gracias también las aportaciones de los fondos Eidus. En el 23, 100 bicicletas eléctricas más y acabamos de terminar la segunda gran ampliación, en el año 2025, con más de 2.5 millones de euros para, como decían, 30 nuevas estaciones, 300 nuevas bicicletas eléctricas, un vehículo de servicio y mejoras en el centro de mantenimiento, con aportaciones de fondos Next.*

Nunca antes se investira tanto en Bicicoruña e agora ben, pois precisamente esta gran ampliación, o que conleva, este medrar do servizo conleva que xa non é necesario só expandirse, senón mellorar a xestión, iso é o fundamental e para iso estamos a traballar, e cónstame que o director xeral de Emalcsa vai levar proximamente á Xunta Xeral unha proposta —precisamente aí a implicación de Emalcsa e Emvsa— unha ampliación de persoal e medios operativos para, deste xeito, tamén, optimizar o balanceos das bicicletas, e tamén unha ampliación horaria ligada grazas a ese reforzo de persoal.

*Nunca antes se había invertido tanto en Bicicoruña y ahora bien, pues precisamente esta gran ampliación, lo que conlleva, este crecer del servicio conlleva que ya no es necesario solo expandirse, sino mejorar la gestión, eso es lo fundamental y para eso estamos trabajando, y me consta, que el director general de Emalcsa va a llevar próximamente a la Junta General una propuesta —precisamente ahí la implicación de Emalcsa y Emvsa— una ampliación de personal y medios operativos para, de este modo, también, optimizar los balanceos de las bicicletas, y también una ampliación horaria ligada gracias a ese refuerzo de personal.*

Con respecto a outros puntos da moción

*Con respecto a otros puntos de la moción*

que facían, e que fan, pois requiren de análises concretas e singularizadas, non?

Con respecto ó número de bicicletas, pois na actualidade xa estamos nun parámetro alto, de ratio útil, polo que hai que estudar se realmente son necesarias mais bicicletas.

Co respecto á extensión ás universidades, pois por unha parte, non é unha demanda da propia Universidade, pero é que ademais tecnicamente suporía, pois graves problemas para o balanceo, porque figúrense centos de estudantes que levan bicicletas a moreas á universidade, o que implicaría centos de ancoraxes na universidade, sendo isto moi pouco eficiente, non? .

Con respecto a estación provisional, foi Adif, a propia Adif, a que non nos permitiu instalar unha estación de bicicletas alí, por iso se instalou en Lonzas.

E con respecto a ampliación á escala comarcal, pois isto hai que coordinarse con outros servizos de bicicletas compartidas que existen noutros concellos, que poderían implicar, pois colocar dúas estacións pegadas para facer aí transbordo, iso pódese analizar, e no caso daqueles municipios que non teñan sistema, pois o seu sería que utilizaran o mesmo sistema para que se poida facer esta rede e evitar deste xeito as duplicidades.

En definitiva, compartimos ese desexo de mellorar, pero hai que facelo sempre con criterio técnico e con responsabilidade.

E por suposto —que falaba a señora Catalán—, hai outro gran reto por diante, non?, que é mellorar a infraestrutura ciclista que temos na cidade. E por iso, e xa o dixen noutros plenos, este ano licitaremos o plan director da bicicleta

*que hacían, y que hacen, pues requieren de análisis concretos y singularizados, ¿no?*

*Con respecto al número de bicicletas, pues en la actualidad ya estamos en un parámetro alto, de ratio útil, por lo que hay que estudiar si realmente son necesarias mas bicicletas.*

*Con respecto a la extensión a las universidades, pues por una parte, no es una demanda de la propia Universidad, pero es que además técnicamente supondría, pues graves problemas para el balanceo, porque figúrense cientos de estudiantes que llevan bicicletas a más no poder a la universidad, lo que implicaría cientos de anclajes en la universidad, siendo esto muy poco eficiente, ¿no?.*

*Con respecto a estación provisional, fue Adif, la propia Adif, la que no nos permitió instalar una estación de bicicletas allí, por eso, se instaló en Lonzas.*

*Y con respecto a la ampliación a escala comarcal, pues esto hay que coordinarse con otros servicios de bicicletas compartidas que existen en otros ayuntamientos, que podrían implicar, pues colocar dos estaciones pegadas para hacer ahí trasbordo, eso se puede analizar, y en el caso de aquellos municipios que no tengan sistema, pues lo suyo sería que utilizaran el mismo sistema para que se pueda hacer esta red y evitar de este modo las duplicidades.*

*En definitiva, compartimos ese deseo de mejorar, pero hay que hacerlo siempre con criterio técnico y con responsabilidad.*

*Y por supuesto —que hablaba la señora Catalán—, hay otro gran reto por delante, ¿no?, que es mejorar la infraestructura ciclista que tenemos en la ciudad. Y por eso, y ya lo dije en otros plenos, este año licitaremos el plan director de la bicicleta*

que nos vai permitir pois, analizar como temos a rede actual, definir novos tramos de carril bici e conectar os existentes para gañar continuidade (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).**

*que nos va a permitir, pues analizar cómo tenemos la red actual, definir nuevos tramos de carril bici y conectar los existentes para ganar continuidad **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**.*

En resumo —e remato—, Bicicoruña está en cifras récord, en plena expansión. Este goberno realizou o maior investimento da historia de Bicicoruña e agora, o seguinte paso, mellor xestión, máis seguridade e planificación.

*En resumen —y finalizo—, Bicicoruña está en cifras récord, en plena expansión. Este gobierno realizó la mayor inversión de la historia de Bicicoruña y ahora, el siguiente paso, mejor gestión, más seguridad y planificación.*

Por todo isto votamos a favor desta moción, porque cremos en Bici Coruña, porque apostamos por unha mobilidade sostible, activa e segura e porque queremos que este servizo público siga medrando e, sobre todo, mellorando para todos e todas. Moitas grazas.

*Por todo esto votamos a favor de esta moción, porque creemos en Bici Coruña, porque apostamos por una movilidad sostenible, activa y segura y porque queremos que este servicio público siga creciendo y, sobre todo, mejorando para todos y todas. Muchas gracias.*

**Presidencia**

Ben, moitas grazas, remata aquí o debate, procedemos á votación desta moción.

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias, finaliza aquí el debate, procedemos a la votación de esta moción.*

**Señora Veira González**

Señora alcaldesa.

***Señora Veira González***

*Señora alcaldesa.*

**Presidencia**

Si?

***Presidencia***

*¿Sí?*

**Señora Veira González**

Hai unha emenda de engadido do Partido Popular que aceptamos, olvideime de dicilo.

***Señora Veira González***

*Hay una enmienda de adición del Partido Popular que aceptamos, me olvidé de decirlo.*

**Presidencia**

Si, vale. Incorporada a emenda do Partido Popular, votamos a moción coa emenda incorporada.

***Presidencia***

*Sí, vale. Incorporada la enmienda del Partido Popular, votamos la moción con la enmienda incorporada.*

**Votación da primeira moción do**

***Votación de la primera moción del Grupo***

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora de Bicicoruña, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (11 votos).

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos).

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos).

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada.

**27. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular relativa á mellora de Bicicoruña.**

**Acordo**

Instar o Goberno local:

1. Cumprir co acordo orzamentario para 2026 de cara a impulsar a implicación de Emalcsa e EMVSA na adopción de medidas que contribúan a asegurar a sustentabilidade económica.

2. Elevar os recursos materiais que se dedican actualmente ao servizo de Bicicoruña, estabilización e aumento do persoal que nel traballa.

3. Ampliar o horario de uso do servizo de Bicicoruña: pola noite até as 02:00 h e pola mañá desde as 06:00 h.

***municipal del Bloque Nacionalista Gallego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular, sobre la mejora de Bicicoruña, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (11 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos).*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada.*

***27. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular relativa a la mejora de Bicicoruña.***

***Acordo***

*Instar al Gobierno local:*

*1. Cumplir con el acuerdo presupuestario para 2026 de cara a impulsar la implicación de Emalcsa y EMVSA en la adopción de medidas que contribuyan a asegurar la sostenibilidad económica.*

*2. Elevar los recursos materiales que se dedican actualmente al servicio de Bicicoruña, estabilización y aumento del personal que trabaja en él.*

*3. Ampliar el horario de uso del servicio de Bicicoruña: por la noche hasta las 02:00 h y por la mañana desde las 06:00 h.*

4. Aumentar o número de bicicletas e repartir as eléctricas durante o día polas diferentes estacións da cidade para evitar a súa acumulación nas do centro.

*4. Aumentar el número de bicicletas y repartir las eléctricas durante el día por las diferentes estaciones de la ciudad para evitar su acumulación en las del centro.*

5. Elevar o tempo de balde, sobre todo para fomentar o seu uso desde ou para barrios máis afastados.

*5. Elevar el tiempo gratuito, sobre todo para fomentar su uso desde o para barrios más alejados.*

6. Eliminar os cinco minutos que teñen que pasar entre que se deixa unha bici e se colle a outra.

*6. Eliminar los cinco minutos que tienen que pasar entre que se deja una bici y se coge la otra.*

7. Instalar estacións nos campus universitarios e na estación de tren provisoria.

*7. Instalar estaciones en los campus universitarios y en la estación de tren provisional.*

8. Traballar cos concellos da comarca para a extensión deste servizo.

*8. Trabajar con los ayuntamientos de la comarca para la extensión de este servicio.*

9. Esixir ao Goberno municipal o incremento de campañas de información e concienciación en materia de seguridade viaria e uso responsable do servizo de Bicicoruña, orientadas principalmente a condutores que protagonizan, en moitos casos, situacións de risco para os peóns.

*9. Exigir al Gobierno municipal el incremento de campañas de información y concienciación en materia de seguridad viaria y uso responsable del servicio de Bicicoruña, orientadas principalmente a conductores que protagonizan, en muchos casos, situaciones de riesgo para los peatones.*

10. Estudar a posibilidade de engadir a este servizo bicicletas adaptadas para persoas con mobilidade reducida, tal e como xa existen noutras cidades como Madrid, Valencia ou Alicante.

*10. Estudiar la posibilidad de añadir a este servicio bicicletas adaptadas para personas con movilidad reducida, tal y como ya existen en otras ciudades como Madrid, Valencia o Alicante.*

**Segunda. Moción sobre a recuperación do programa de Lecer no Fórum Metropolitano e Ágora**.

***Segunda. Moción sobre la recuperación del programa de Lecer en el Fórum Metropolitano y Ágora***.

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Partido Popular.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal del Partido Popular.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ten a palabra a señora Queixas.

*Tiene la palabra a señora Queixas.*

**Señora Queixas Zas.**

Moitas grazas alcaldesa, moi bo día. Benvida a esta corporación á señora Prieto e, por suposto, os nosos mellores desexos de pronta recuperación para os compañeiros, ó señor Rodríguez e a señora Sobral.

Queremos saudar tamén a representación de usuarias e de traballadoras e traballadores, e das educadoras do programa de Lecer que nos acompañan neste pleno e que nos veñen acompañando tamén fóra deste pazo desde primeira hora da mañá.

Quería dicirlle á compañeira do Partido Popular que o pacto de investidura do BNG co Partido Socialista é tan secreto, tan secreto, que buscando en Google é a primeira entrada que aparece. Pode vostede consultalo aí porque é absolutamente público e transparente, porque é a forma na que traballamos sempre desde o BNG.

Ben, en relación a esta moción, lembrarán vostedes que no pleno de xaneiro dende o BNG xa lle fixemos ó Goberno local a seguinte pregunta: ten verdadeiro interese o Goberno en manter debidamente o programa de Lecer?

Pois ben, un mes despois, o interese de palabra segue sen converterse nunha solución e é por iso que desde o BNG volvemos hoxe a traer a este pleno o abandono do programa de Lecer por parte do Goberno de Inés Rey. E non se trata dun abandono deste último mes, entre e pleno e pleno, nin dos últimos meses. O Goberno local ten coñecemento dende hai meses de que a empresa Serviplus no cumpría coas condicións do contrato de xestión.

Este programa de Lecer tíñao

***Señora Queixas Zas.***

*Muchas gracias alcaldesa, muy buenos días. Bienvenida a esta corporación a la señora Prieto y, por supuesto, nuestros mejores deseos de pronta recuperación para los compañeros, el señor Rodríguez y la señora Sobral.*

*Queremos saludar también a la representación de usuarias y de trabajadoras y trabajadores, y de las educadoras del programa de Lecer que nos acompañan en este pleno y que nos vienen acompañando también fuera de este palacio desde primera hora de la mañana.*

*Quería decirle a la compañera del Partido Popular que el pacto de investidura del BNG con el Partido Socialista es tan secreto, tan secreto, que buscando en Google es la primera entrada que aparece. Puede usted consultarlo ahí porque es absolutamente público y transparente, porque es la forma en la que trabajamos siempre desde el BNG.*

*Bien, en relación a esta moción, recordarán ustedes que en el pleno de enero desde el BNG ya le hicimos al Gobierno local la siguiente pregunta: ¿tiene verdadero interés el Gobierno en mantener debidamente el programa de Lecer?*

*Pues bien, un mes después, el interés de palabra sigue sin convertirse en una solución y es por eso que desde el BNG volvemos hoy a traer a este pleno el abandono del programa de Lecer por parte del Gobierno de Inés Rey. Y no se trata de un abandono de este último mes, entre y pleno y pleno, ni de los últimos meses. El Gobierno local tiene conocimiento desde hace meses de que la empresa Serviplus no cumplía con las condiciones del contrato de gestión.*

*Este programa de Lecer lo tenía*

absolutamente todo, un contrato en vigor con Serviplus desde o ano 2019, prorrogado desde setembro do ano 25 até setembro do ano 26 de forma obrigada polo Concello, malia que a empresa manifestara a súa vontade de non querer continuar. Polo tanto, tamén xa aquí nos preguntamos se foi correcto o procedemento de xestión da prórroga. Tiña un programa sociocultural consolidado, de prestixio, con moitísimo arraigo na cidade, accesible a tódolos públicos e a tódolos barrios da Coruña y cunha oferta formativa diversa y tremendamente atractiva, e tiña un equipo de 40 educadoras e educadores con experiencia máis que contrastada e con crédito entre as usuarias, que dende o Goberno local non se soubo ou non se quixo valorar, e tiña máis de 6.000 usuarias cada ano, cada convocatoria, que representan, pois unha das múltiples caras da cultura de base participada participativa que representa a nosa cidade.

Y agora que temos? Pois agora non temos nada. Temos unha empresa desaparecida, sen dar explicacións despois de incumprir sistematicamente o contrato. Temos miles de usuarias e usuarios abandonados. Temos traballadoras e traballadores abandonados neste momento sen contrato e incluso xa sen dereito a pedir o paro. E temos un programa que tiña que ter comezado o 2 de febreiro e do que nada se sabe, e hai que dicilo, por inoperancia, por incompetencia, por desleixo do Goberno local.

Chámalle a isto o Goberno de Inés Rey compromiso verdadeiro co programa de Lecer como respondeu o señor Castro, o concelleiro de Cultura, no pleno de xaneiro? Desde logo, non.

A pregunta que todo o mundo se fai é pero como puidemos chegar até aquí?

*absolutamente todo, un contrato en vigor con Serviplus desde el año 2019, prorrogado desde septiembre del año 25 hasta septiembre del año 26 de forma obligada por el Ayuntamiento, a pesar de que la empresa había manifestado su voluntad de no querer continuar. Por lo tanto, también ya aquí nos preguntamos si fue correcto el procedimiento de gestión de la prórroga. Tenía un programa sociocultural consolidado, de prestigio, con muchísimo arraigo en la ciudad, accesible a todos los públicos y a todos los barrios de A Coruña y con una oferta formativa diversa, y tremendamente atractiva, y tenía un equipo de 40 educadoras y educadores con experiencia más que contrastada y con crédito entre las usuarias, que desde el Gobierno local no se supo o no se quiso valorar, y tenía más de 6.000 usuarias cada año, cada convocatoria, que representan, pues una de las múltiples caras de la cultura de base participada participativa que representa nuestra ciudad.*

*¿Y ahora qué tenemos? Pues ahora no tenemos nada. Tenemos una empresa desaparecida, sin dar explicaciones después de incumplir sistemáticamente el contrato. Tenemos miles de usuarias y usuarios abandonados. Tenemos trabajadoras y trabajadores abandonados en este momento sin contrato e incluso ya sin derecho a pedir el paro. Y tenemos un programa que tenía que haber comenzado el 2 de febrero y del que nada se sabe, y hay que decirlo, por inoperancia, por incompetencia, por dejadez del Gobierno local.*

*¿Le llama a esto el Gobierno de Inés Rey compromiso verdadero con el programa de Lecer como respondió al señor Castro, el concejal de Cultura, en el pleno de enero? Desde luego, no.*

*La pregunta que todo el mundo se hace es: ¿pero cómo pudimos llegar hasta aquí?*

Pois a resposta está bastante clara, grazas a un goberno que non vixiou os incumprimentos reiterados da empresa Serviplus, que lle seguiu transferindo diñeiro público, ignorando as queixas reiteradas das traballadoras e traballadores, unha xestión do diñeiro público que, cando menos desde a perspectiva do BNG, é absolutamente discutíbel.

*Pues la respuesta está bastante clara, gracias a un gobierno que no vigiló los incumplimientos reiterados de la empresa Serviplus, que le siguió transfiriendo dinero público, ignorando las quejas reiteradas de las trabajadoras y trabajadores, una gestión del dinero público que, cuando menos desde la perspectiva del BNG, es absolutamente discutible.*

Y a pregunta que tamén trasladamos é: como pode a alcaldesa permitir esta falta de control da xestión cultural? Como pode permitir este novo, e insisto, novo abandono da cultura de base da cidade? Como pode soster este novo capítulo de precarización das traballadoras e traballadores da cultura por parte da Concellería que é responsable, que primeiro ignorou todas as demandas da educadoras e dos educadores e que despois agora (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, e a última hora, dirixiu comentarios improcedentes nas reunións que mantivo co equipo formador?

*Y la pregunta que también trasladamos es: ¿Cómo puede la alcaldesa permitir esta falta de control de la gestión cultural? ¿Cómo puede permitir este nuevo, e insisto, nuevo abandono de la cultura de base de la ciudad? ¿Cómo puede sostener este nuevo capítulo de precarización de las trabajadoras y trabajadores de la cultura por parte de la Concejalía que es responsable, que primero ignoró todas las demandas de la educadoras y de los educadores y que después ahora* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, y a última hora, dirigió comentarios improcedentes en las reuniones que mantuvo con el equipo formador?*

Como pode a alcaldesa manterse na indiferenza sabendo que este problema existe, é real, é público, e aínda non se sentou a falar cas usuarias e cas traballadoras do programa para interesarse a viva voz e de primeira man polas súa situación?

*¿Cómo puede la alcaldesa mantenerse en la indiferencia sabiendo que este problema existe, es real, es público, y aun no se sentó a hablar con las usuarias y con las trabajadoras del programa para interesarse a viva voz y de primera mano por su situación?*

Vostede, alcaldesa, ten que entremediar para buscar unha solución a este problema en vez de disfrazalo con titulares de última hora incertos e bastante confusos.

*Usted, alcaldesa, tiene que intermediar para buscar una solución a este problema en vez de disfrazarlo con titulares de última hora inciertos y bastante confusos.*

De momento só hai preguntas e incertezas. ¿Que solucións está a traballar o Goberno para recuperar canto antes o programa de Lecer que nunca se debeu suspender? Como vai responder? Como vai resolver a xestión até o mes de

*De momento solo hay preguntas e incertidumbres ¿Qué soluciones está trabajando el Gobierno para recuperar lo antes posible el programa de Lecer que nunca se debió suspender? ¿Cómo va a responder? ¿Cómo va a resolver la gestión*

setembro de 2026 deste ano en que remata a prórroga de Serviplus? Que está a facer o Goberno para preparar unha nova convocatoria? Está con ela xa para dar esa resposta en setembro de 2026? E o importante tamén, vai consultar coas traballadoras o novo prego para evitar que volva a suceder isto, para facer uns pregos que eviten que isto volva a repetirse? (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**).

*hasta el mes de septiembre de 2026 de este año en que finaliza la prórroga de Serviplus? ¿Qué está haciendo el Gobierno para preparar una nueva convocatoria? ¿Está con ella ya para dar esa respuesta en septiembre de 2026? Y lo importante también, ¿va a consultar con las trabajadoras el nuevo pliego para evitar que vuelva a suceder esto, para hacer unos pliegos que eviten que esto vuelva a repetirse?* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****.*

Eu volvo a dirixirme á señora alcaldesa. Pídolle que lle dedique tempo ás demandas das educadoras e das usuarias do programa de Lecer; que se poña á fronte; que lles traslade directamente o traballo que están a facer desde o Goberno local; que non xogue co pan e coas ilusións da xente, coas traballadoras; que se implique, porque son miles de veciñas e veciños seus, nosos, que non merecen máis desprezos.

*Yo vuelvo a dirigirme la señora alcaldesa. Le pido que le dedique tiempo a las demandas de las educadoras y de las usuarias del programa de Lecer; que se ponga al frente; que les traslade directamente el trabajo que están haciendo desde el Gobierno local; que no juegue con el pan y con las ilusiones de la gente, con las trabajadoras; que se implique, porque son miles de vecinas y vecinos suyos, nuestros, que no merecen más desprecios.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Grazas señora Queixas. Turno do Partido Popular, señor Coira.

*Gracias señora Queixas. Turno del Partido Popular, señor Coira.*

**<u>Señor Coira Andrade</u>**

***<u>Señor Coira Andrade</u>***

*Moitas grazas. Antes de nada, dar a benvida á miña compañeira Militza Prieto, enviar un saúdo a Roberto Rodríguez, que está a se recuperar, como todos sabedes, dun accidente de tráfico que tivo hai uns días.*

Muchas gracias. Antes de nada, dar la bienvenida a mi compañera Militza Prieto, enviar un saludo a Roberto Rodríguez, que está recuperándose, como todos sabéis, de un accidente de tráfico que tuvo hace unos días.

*Dar un saúdo moi especial ós representantes dos traballadores do programa de Lecer que nos acompañan no Salón de Plenos. Mandar un saúdo tamén, moi afectuoso, e a nosa preocupación por este programa ós máis de 3.500 usuarios que se benefician dun*

Dar un saludo muy especial a los representantes de los trabajadores del programa de Lecer que nos acompañan en el Salón de Plenos. Mandar un saludo también, muy afectuoso, y nuestra preocupación por este programa a los más de 3.500 usuarios que se benefician de un

*programa que leva funcionando máis de 20 anos neste Concello con continuidade total. Todos os alcaldes últimos que lembramos neste Concello foron capaces de manter o programa. Inés Rey é a primeira alcaldesa que suspende este programa, ten o orzamento máis alto da historia deste Concello, 370.000.000 €, e xustamente, co orzamento máis alto deste Concello, somos incapaces de executar un contrato que ten un custo anual —falo de memoria— de 308.000 € e que beneficia a tres mil cincocentas persoas que van a estes talleres.*

*E atopámonos con 60 persoas que colaboran e traballan na realización destes talleres, que teñen un contrato de servizos que se presta a través dunha empresa na que, ano a ano, renovámoslle ese contrato, o cal, non se entende, porque eu creo que, como toda Administración, hai un responsable de contrato, unha das obrigacións da administración é velar por que a empresa cumpra os contratos, co cal, isto non debería suceder en ningún caso.*

*Señora Rey, eu non quero que esta moción sexa unha moción máis desas moitas que se aproban por unanimidade neste pleno e que non valen para nada. Quero, por favor, que mire ós representantes dos traballadores que están neste pleno e que lles diga que esta moción que imos aprobar todos os grupos, espero que por unanimidade, se cumpra e que estas persoas reciban o salario que merecen e se poña en marcha novamente o programa de Lecer. Estes traballadores realizaron un traballo e teñen dereito a cobrar ese traballo que realizaron, porque ás veces énchesenos a cara de xustiza e de dereitos. Estes señores tamén teñen dereito a cobrar e teñen a obrigación de pagar facturas. Non poden pagalas en tres meses, como as paga o Concello, non poden deixar de*

programa que lleva funcionando más de 20 años en este Ayuntamiento con continuidad total. Todos los alcaldes últimos que recordamos en este Ayuntamiento fueron capaces de mantener el programa. Inés Rey es la primera alcaldesa que suspende este programa, tiene el presupuesto más alto de la historia de este Ayuntamiento, 370.000.000 €, y justamente, con el presupuesto más alto de este Ayuntamiento, somos incapaces de ejecutar un contrato que tiene un coste anual —hablo de memoria— de 308.000 € y que beneficia a tres mil quinientas personas que van a estos talleres,

Y nos encontramos con 60 personas que colaboran y trabajan en la realización de estos talleres, que tienen un contrato de servicios que se presta a través de una empresa en la que, año a año, le hemos renovado ese contrato, lo cual, no se entiende, porque yo creo que, como toda Administración, hay un responsable de contrato, una de las obligaciones de la administración es velar por que la empresa cumpla los contratos, con lo cual, esto no debería suceder en ningún caso.

Señora Rey, yo no quiero que esta moción sea una moción más de esas muchas que se aprueban por unanimidad en este pleno y que no valen para nada. Quiero, por favor, que mire a los representantes de los trabajadores que están en este pleno y que les diga que esta moción que vamos a aprobar todos los grupos, espero que por unanimidad, se cumpla y que estas personas reciban el salario que merecen y se ponga en marcha nuevamente el programa de Lecer. Estos trabajadores han realizado un trabajo y tiene derecho a cobrar ese trabajo que han realizado, porque a veces se nos llena la cara de justicia y de derechos. Estos señores también tienen derecho a cobrar y tienen la obligación de pagar facturas. No pueden pagarlas en tres meses, como las paga el Ayuntamiento, no pueden dejar de ejecutar

*executar un orzamento, teñen que executar o seu orzamento doméstico todas as semanas e todos os días, e merecen un mellor trato por parte deste concello, que se lles reciba, que se lles escoite, que lles pague os que se lle debe e que se diga se van ter continuidade ou non este programa porque, como imaxino que saberán, estas persoas nestes momento non teñen un contrato e non poden traballar, e non poden cobrar o paro, como dicía a compañeira Queixas. Son cifras algunhas importantes, a algunha persoa débenselle case 4.000 €, segundo eles manifestaban.*

un presupuesto, tienen que ejecutar su presupuesto doméstico todas las semanas y todos los días, y merecen un mejor trato por parte de este ayuntamiento, que se les reciba, que se les escuche, que les pague los que se le debe y que se diga si van a tener continuidad o no este programa porque, como imagino que sabrán, estas personas en estos momentos no tienen un contrato y no pueden trabajar, y no pueden cobrar el paro, como decía la compañera Queixas. Son cifras algunas importantes, a alguna persona se le deben casi 4.000 €, según ellos manifestaban.

*Deixen de maltratar a cultura, deixen de maltratar o pequeno cidadán que utiliza estas ferramentas que lles deu durante 20 anos o Concello para acceder á cultura. Estes pequenos talleres que son máis que o acceso á cultura, que realizan un labor social, de integración, de participación en todos os sectores da poboación, en xente que ás veces non ten outra maneira de acceder á cultura, que non pode acceder a relacionarse, que lles axuda ó día a día. É moito máis que un simple taller cultural e eu creo que todos o sabemos, que se realiza no Fórum e no Ágora. Isto non pode suceder nunca máis. Non se pode enganar nin os traballadores, nin os cidadáns e isto temos que ter capacidade para solucionalo. 370.000.000 de orzamento teñen que valer para solucionar un problema como este, se non, eu creo que algún se debería de ir á súa casa, por incapacidade de xestión total e absoluta.*

Dejen de maltratar a la cultura, dejen de maltratar al pequeño ciudadano que utiliza estas herramientas que les dio durante 20 años el Ayuntamiento para acceder a la cultura. Estos pequeños talleres que son más que el acceso a la cultura, que realizan una labor social, de integración, de participación en todos los sectores de la población, en gente que a veces no tiene otra manera de acceder a la cultura, que no puede acceder a relacionarse, que les ayuda al día a día. Es mucho más que un simple taller cultural y yo creo que todos lo sabemos, que se realiza en el Fórum y en el Ágora. Esto no puede suceder nunca más. No se puede engañar ni a los trabajadores, ni a los ciudadanos y esto tenemos que tener capacidad para solucionarlo. 370.000.000 de presupuesto tienen que valer para solucionar un problema como este, si no, yo creo que alguno se debería de ir a su casa, por incapacidad de gestión total y absoluta.

*Con respecto ó fondo da moción, si por suposto a que se faga unha auditoría da moción, si a que se asegure o pago ós traballadores, si a que se reinicie o programa, si a que se faga unha revisión dos pregos e si a que se barallen, pois se este sistema non funciona, de contratación, pois outras formas de contratación para prestar este servizo, e*

Con respecto al fondo de la moción, sí por supuesto a que se haga una auditoría de la moción, sí a que se asegure el pago a los trabajadores, sí a que se reinicie el programa, sí a que se haga una revisión de los pliegos y sí a que se barajen, pues si este sistema no funciona, de contratación, pues otras formas de contratación para prestar este servicio, e sí, por supuesto, a introducir

*si, por suposto, a introducir algunha cláusula que permita que o salario dos traballadores, o que cobran por hora, que son unhas cifras bastante reducidas, polo menos se vexa actualizado ano a ano* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. *Eu creo que deberiamos de ser capaces de xestionar o pequeno, porque isto, o carón dos 370.000.000 que deixamos sen executar, millóns e millóns, pois parece fácil de solucionar, debería ser fácil de solucionar. Por favor, fágano. Moitas grazas.*

alguna cláusula que permita que el salario de los trabajadores, lo que cobran por hora, que son unas cifras bastante reducidas, por lo menos se vea actualizado año a año ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***. Yo creo que deberíamos de ser capaces de gestionar lo pequeño, porque esto, al lado de los 370.000.000 que dejamos sin ejecutar, millones y millones, pues parece fácil de solucionar, debería ser fácil de solucionar. Por favor, háganlo. Muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas señor Coira. Turno para o Grupo Socialista, señor Castro.

***Presidencia***

*Muchas gracias señor Coira. Turno para el Grupo Socialista, señor Castro.*

**Señor Castro Prado**

Moi bo día. Benvida señora Prieto. Tamén eu súmome, como non podería ser doutro xeito, ó desexo firme e sincero de que o señor Rodríguez e o señor Trenor se recuperen canto antes.

Benvidos educadores e educadoras do programa de Lecer y paso entón, a explicar un pouco, porque eu creo que necesitamos explicar e aportar luz despois de ver as intervencións dos dous representantes dos grupos da oposición con respecto a esta cuestión, pero antes quero facer algo que creo que é de xustiza, que é trasladar desde o punto de vista persoal e tamén institucional, toda a miña solidariedade e apoio a Goretti Sanmartín, alcaldesa de Santiago de Compostela, amiga, persoa traballadora e moi competente, que ten pechado, paralizado, o servizo de dinamización cultural nos centros socioculturais de Santiago de Compostela porque a mesma empresa que ten mantido un comportamento inaceptable e irresponsable neste Concello, está facer o mesmo no Concello de Santiago. Quero

***Señor Castro Prado***

*Muy buen día. Bienvenida señora Prieto. También yo me sumo, como no podría ser de otro modo, al deseo firme y sincero de que el señor Rodríguez y el señor Trenor se recuperen lo antes posible.*

